Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulamos a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión polo trámite de urxencia:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado:

1.- Un compromiso expreso de que non se van a aplicar novas subidas extraordinarias nas peaxes da AP-9.

2.- Un compromiso claro de que as novas obras acometidas en relación á autoestrada non sexan financiadas con cargo a novos incrementos de peaxes aos usuarios"

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 25/02/2019 14:13:01**

**Martín Fernández Prado na data 25/02/2019 14:13:29**

**Jaime Castiñeira Broz na data 25/02/2019 14:13:42**

**Diego Calvo Pouso na data 25/02/2019 14:13:53**

**Jacobo Moreira Ferro na data 25/02/2019 14:14:01**

**Marta Novoa Iglesias na data 25/02/2019 14:14:15**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 25/02/2019 14:14:53**

**Gonzalo Trenor López na data 25/02/2019 14:15:06**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 25/02/2019 14:15:17**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 17:51:12
Nº Rexistro: 46853
Data envio: 25/02/2019 17:51:12.889

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Marta Novoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Romero Fernández e Sandra Vázquez Dominguez** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo polo trámite de urxencia.**

**Xustificación da Urxencia:**

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

**Exposición de motivos:**

A fináis do mes de decembro outra empresa de tipo electrointensivo con tres sedes en Galicia, Ferrotlántica, poñía sobre a mesa unha proposta de ERE que podería afectar aos seus traballadores da Coruña e da Costa da Morte.

A multinacional presentou a súa proposta tralos nefastos resultados da subasta eléctrica convocada polo Goberno Central.

A subida continuada dos prezos da luz e a falta dun marco enerxético esta ble é clave para este tipo de empresas, nas que o seu consumo de enerxía supón máis dun 40% dos seus custes de producción.

Cando no mes de Outubro, ALCOA anunciou o peche das plantas da Coruña e Avilés, xa se podía supoñer que outras fábricas de marcado carácter Electrointensivo seguirían a súa estela. Dende aquel momento pasaron xa case 5 meses, e o Goberno Central non puxo en marcha ningunha medida concreta que poida por solución a este grave problema.

A situación de Ferroatlántica é un claro exemplo de que a falta de acción política ten consecuencias para a economía e para o emprego.

O problema de Ferroatlántica é enerxético, o mesmo que ten Alcoa e o mesmo que se

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pode trasladar ao resto da industria electrointensiva galega, 5.000 empregos estarían en risco, de non atoparse solucións.

No Parlamento de Galicia xa se adoptaron acordos que instan á Xunta a que demande ao Goberno Central que poña en marcha o estatuto da industria electrointensiva, así como outras medidas que axudarían a contrarrestar o elevado prezo da electricidade para este tipo de Industrias.

A Xunta de Galicia leva demandado accións concretas ao Goberno do Estado, pero sen resposta ata o de agora.

O Grupo Parlamentario Popular considera que os traballadores de Ferroatlántica necesitan respostas, polo que é hora que o Goberno se poña en acción.

A situación de Alcoa e Ferroatlántica evidencia que o Goberno Central carece de axenda industrial.

Unha convocatoria electoral non pode servir como desculpa para demorar por máis tempo a busca dunha solución para a Industria Electrointensiva Galega.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte **proposición non de lei en Comisión polo trámite de urxencia:**

"O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a:

1. Reiterar a petición ao Goberno do Estado para que tome en consideración o Acordo plenario do Parlamento de Galicia adoptado na súa sesión do 29/01/2019, en relación ao Documento número 43429, sobre establecemento dun marco enerxético estable e un prezo eléctrico competitivo consensuado co sector electrointensivo dada a situación de urxencia que está a atravesar a Industria Electrointensiva Galega.

2. Demandar a Ferroatlántica a retirada do ERTE e a comprometerse co mantemento da actividade industrial das fábricas de Cee-Dumbría e Sabón.

3. Seguir mantendo o contacto cos traballadores das empresas e cos seus representantes sindicais para acordar o mantemento da actividade industrial e para a defensa dos postos de traballo."

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 17:51:12
Nº Rexistro: 46853
Data envio: 25/02/2019 17:51:12.889

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 25/02/2019 17:49:12**

**Marta Novoa Iglesias na data 25/02/2019 17:49:36**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/02/2019 17:49:44**

**Maria Antón Vilasánchez na data 25/02/2019 17:49:55**

**Moisés Blanco Paradelo na data 25/02/2019 17:50:03**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 25/02/2019 17:50:13**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 25/02/2019 17:50:27**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 25/02/2019 17:50:35**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 10:19:54
Nº Rexistro: 46369
Data envio: 15/02/2019 10:19:54.674

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa as medidas a tomar para garantir a seguridade viaria @s veciñ@s de Bamio na PO- 192 e na conexión desta coa PO-548 e co enlace coa Variante Norte que une Bamio-Carril con Baión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o BNG levamos anos demandando o illamento e abandono no que a Xunta de Galiza ten á parroquia de Bamio. As veciñas e veciños levan anos denunciando esta situación sen obter ningún resultado máis que o intento de lavado de cara da estrada, no mellor dos casos. En pleno 2019 son moitas as persoas que poñen en risco a súa vida por algo tan simple como querer saír camiñando desta parroquia.

O proxecto que no 2008 , segundo a Xunta de Galiza contemplaba unha calzada de dobre sentido de 6,5 metros de ancho, aparcamentos de 2 metros onde fóra posible e beirarrúas a cada lado cun ancho mínimo de 1,8 m rematadas en dez meses, así como medidas de seguridade como a sinalización ou as bandas para controlar a velocidade dos vehículos,; quedouse na construción de beirarrúas raquíticas sen rematar, falta de sinalización e medidas de seguridade, e pasos de peóns e semáforos pelexados polos veciños e veciñas e asumidos polo concello.



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 10:19:54
Nº Rexistro: 46369
Data envio: 15/02/2019 10:19:54.674

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tanto é así que ata o ano 2015 non se consegue que as beirarrúas cheguen ao parque empresarial de Bamio e que na actualidade sigan sen cubrir sequera os límites da parroquia por ambos lados, sendo máis significativo o problema, se cabe, na entrada-saída cara a Carril ou Vilagarcía. Neste tramo, ademais de non rematar coas beirarrúas atopámonos co engadido do perigo inminente que supón a conexión da PO-192 coa PO-548 e o enlace coa Variante Norte que une Bamio-Carril con Baión , sen ningún tipo de acceso peonil. A afluencia de vehículos desta zona increméntase ademais, pola presenza dunha gasolineira.

A perigosidade é inminente non só para as veciñas e veciños de Bamio senón tamén para os doutras parroquias que acoden a diario ao cemiterio, illado tamén e desprovisto dun paso seguro para peóns. Do mesmo xeito, a presenza a escasos metros do ISM, fai que sexan moitas as persoas que a diario transitan por este lugar.

Se a isto lle engadimos o sistema deficitario de transporte público, do que por certo a Xunta ven de excluír á parroquia de Bamio nas melloras, negándolle a posibilidade de entrar na rede circular Carril-Vilaxoán-O Rial; fai que sexan moitas as persoas que se achegan camiñando a Carril para poder coller o autobús a Vilagarcía.

Son miles de vehículos os que circulan de xeito diario por estas vías e ducias de persoas que poñen en risco a súa vida para saír camiñando desta parroquia e o único que fixeron foi: vir botar un seudoasfalto a finais de outubro que o único que mellorou foi o lanzamento de pedras ás beirarrúas, ás leiras e ás lunas dos coches; e dar unha licenza que tardou máis dun ano para colocar un par de semáforos e pintar un paso de peóns.

Dende o BNG temos claro de que lado estamos e non imos a consentir que se sigan desprezando ás veciñas e veciños do rural, e adoptaremos todas as medidas que



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 10:19:54
Nº Rexistro: 46369
Data envío: 15/02/2019 10:19:54.674

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estean na nosa man para garantir a seguridade das veciñanza e non ter que lamentar ningunha desgraza.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Realizar todas as actuacións precisas na PO- 192 , na entrada-saída cara Carril, a empezar polo remate das beirarrúas, e na conexión desta coa PO-548 e co enlace coa Variante Norte que une Bamio-Carril con Baión, para garantir a seguridade viaria tanto d@s veciñ@s de Bamio como d@s que transitan a pé por esa zona, coa construción de beirarrúas, dispositivos de calmado de tráfico e zonas delimitadas para cruzar @s peóns.

-Incluír a parroquia de Bamio na ruta de transporte público da Xunta, de tal xeito que pase a ser a rede circular Carril-Vilaxoán-O Rial- Bamio."

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 10:19:54
Nº Rexistro: 46369
Data envío: 15/02/2019 10:19:54.674

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2019 10:13:02**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2019 10:13:06**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/02/2019 10:13:08**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/02/2019 10:13:09**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2019 10:13:11**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2019 10:13:12**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 12:08:12
Nº Rexistro: 46384
Data envio: 15/02/2019 12:08:12.897

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) vai de 2010 a 2020. Hai uns días (en 2019), a directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático constituía a chamada “Mesa de Residuos”, co obxectivo de habilitar unha ferramenta de participación aberta a todos os axentes implicados na xestión da fracción orgánica dos residuos municipais, que representa o 42 % do peso total do lixo doméstico en Galicia. E por iso dixo que son “imprescindibles” (palabras literais) accións para fomentar a recollida separada dos biorresiduos (ou recollida diferenciada da materia orgánica) que, sen o seu axeitado tratamento, dificultan todo o proceso de xestión. O fin último sería, logo, darlle unha nova vida á fracción orgánica obtendo un fertilizante de gran valor, o *compost*. A propia directora xeral falou da Directiva europea de residuos, que establece que os municipios deberán reciclar en 2020, polo menos, o 50 % dos seus residuos. En Galicia, só o 5 % do que chega a Sogama, SA é recuperado ou reutilizado, cifra que nos separa infinitamente dos fins marcados pola UE.

O certo é que o PXRUG tiña por fin dar pulo á reciclaxe para reducir o volume de lixo que remata no vertedoiro de Areosa e o que se destina á incineración. Este plan proxectaba a construción de 7 plantas de compostaxe e envases lixeiros distribuídas polo territorio e que en 2014 pasaron a ser 11. Ningunha se ten construído nin se ten definido sequera a súa radicación e, de momento, a única actuación que xa está en marcha é a ampliación de Sogama, SA en Cerceda para construír unha nova planta destinada á reciclaxe o que, polo visto, permitirá elevar a capacidade de reciclaxe dos residuos da bolsa negra do 5 % ao 15 %.

Pero o problema vai máis alá porque a preservación do medio ambiente e a aposta pola sustentabilidade constitúen unha obriga ética cara aos cidadáns, tanto das xeracións presentes como das futuras, así como un elemento clave da igualdade de oportunidades e de calidade da súa vida. Desgraciadamente, o Goberno galego acórdase no tempo de desconto destes obxectivos, recoñece agora o seu propio suspenso na xestión de residuos e bótalle a culpa aos concellos (os de máis de 5.000 habitantes deberíanse comprometer a implantar unha recollida selectiva de lixo orgánico nos vindeiros meses -sempre antes de finais de 2020- e os de menos antes de finais de 2023).

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 12:08:12
Nº Rexistro: 46384
Data envío: 15/02/2019 12:08:12.897

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia demanda do Goberno galego que elabore e aprobe, antes de que remate o ano 2019 e coa participación dos grupos parlamentarios, un novo Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020, co seguinte contido mínimo:

A) Que sexa axeitado á xerarquía establecida na Directiva 2008/98/CE.

B) Que estableza como obxectivos: menos xeración, máximos niveis de reciclaxe, incineración limitada a materiais non reutilizables nin reciclables e eliminación dos vertedoiros.

C) Que faga de Sogama, SA un modelo de xestión complementado por outros máis próximos no territorio (potenciando a creación de emprego local) e residual con relación a novas plantas de reciclaxe, compostaxe, separación e valorización anexas, de forma que só o rexeito delas sexa tratado na planta de Cerceda.

D) Que estableza medidas para o financiamento prioritario de actuacións de mellora da recollida selectiva.

E) Que  estableza actuacións de prevención.

F) E que estipule medidas de concienciación e educación ambiental que incidan e repercutan nunha maior sensibilidade en torno á relevancia da xestión do lixo e da aplicación dos primeiros pasos da xerarquía comunitaria.

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 15/02/2019 12:07:02**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 12:08:12
Nº Rexistro: 46384
Data envío: 15/02/2019 12:08:12.897

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/02/2019 12:07:13**

**María Luisa Pierres López na data 15/02/2019 12:07:20**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/02/2019 12:07:29**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 13:22:11
Nº Rexistro: 46422
Data envío: 18/02/2019 13:22:11.714

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade hai dúas escolas infantis de 0 a 3 anos en Lalín, unha no casco urbano e outra no parque empresarial Lalín 2000, que son claramente insuficientes para atender a demanda existente, de xeito que moitas peticións non son atendidas. Para o BNG trátase dun servizo público fundamental para fixar poboación no rural e para facer posibel a conciliación da vida persoal e laboral.

É preciso pois ampliar a oferta de prazas e horarios, para o que se propoñen as seguintes actuacións

- No caso da escola infantil da zona urbana, situada na rúa Banda de Música de Lalín, sería factíbel a apertura dunha nova unidade de un a dous anos sen necesidade de facer novas obras xa que os espazo xa existe. Soamente habería que dotar o centro co persoal necesario.

- No caso da escola infantil do parque empresarial, habería que ampliar o horario ata as 20 h, xa que actualmente o horario da escola é de 8 da mañá ata as 17



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 13:22:11
Nº Rexistro: 46422
Data envío: 18/02/2019 13:22:11.714

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

horas. Trataríase pois de que tivese o mesmo horario cá escola do centro urbano (de 8 a 20 h), para facilitar a conciliación entre vida familiar e laboral.

Cómpre ter en conta que a oferta educativa nesta etapa é a mesma que fai catro anos, polo que cómpre mellorala con medidas como as anteditas. Se ben é certo que a Xunta de Galiza puxo en marcha o Bono Concilia para demandantes en listaxe de agarda, trátase dunha medida insuficiente pois só cobre entre o 20 e o 30 % do custo dunha gardería privada.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Abrir unha nova unidade de un a dous anos na escola infantil do centro urbano de Lalín (Pontiñas), dotándoa do persoal necesario.

2. Ampliar o horario da escola infantil do parque empresarial Lalín 2000, de xeito que permaneza aberta das 8 da mañá ás 8 da tarde.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 13:22:11
Nº Rexistro: 46422
Data envio: 18/02/2019 13:22:11.714

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2019 11:27:53**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/02/2019 11:27:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/02/2019 11:28:00**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 18/02/2019 11:28:01**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/02/2019 11:28:03**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2019 11:28:04**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 17:23:43
Nº Rexistro: 46472
Data envio: 18/02/2019 17:23:43.970

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

No Diario Oficial de Galicia do 11 de febreiro de 2019, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicou a Resolución do 18 de xaneiro de 2019, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2018.

No artigo 1 dispón a publicidade da relación dos convenios subscritos nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro e no artigo 2 dispón a publicidade da relación dos subscritos nos meses de xaneiro, marzo, abril, maio, xullo e agosto de 2018, especificados nos Anexos I e II da resolución.

Analizados os anexos I e II, excluíndo as axudas destinadas á recuperación dos danos provocados pola vaga de lumes de outubro de 2017, as destinadas á contratación de auxiliares de policía local e as dúas destinadas aos concellos das Neves e Xunqueira de Espadañedo para reparación dos danos causados polos anegamentos, temos que se dedican case 2 millóns de euros para convenios con 58 concellos galegos sen ningún criterio preestablecido para a súa concesión.

O 80 % dos concellos beneficiados por estes convenios están gobernados polo PP (46 ) e o importe que reciben supoñen o 82 % do total (1.581.000€).

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate e aprobación:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que incrementar as axudas convocadas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en concorrencia competitiva, para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, que teñen consignado nos orzamentos do ano 2019 unha dotación orzamentaria de 2.999.999,00 €, en 2 millóns de euros, ata acadar a contía orzamentaria de 4.999.999€.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 17:23:43
Nº Rexistro: 46472
Data envío: 18/02/2019 17:23:43.970

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/02/2019 17:09:06**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 18/02/2019 17:09:15**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/02/2019 17:09:22**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/02/2019 17:09:34**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/02/2019 17:09:46**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 18:04:09
Nº Rexistro: 46476
Data envio: 18/02/2019 18:04:09.831

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A peste porcina africana avanza cara o sur de Europa, nun proceso no que moitos apuntan que é imparable, e antes ou despois pode chegar. De ser así, as consecuencias económicas serían tremendamente desastrosas para os miles de granxas de porcino e a economía rural.

Hai todo un sector en grave risco de someterse a duras restricións e peches por corentenas, así coma a eliminación de milleiros de porcos.

Ante o panorama que asoma, as medidas que se están adoptando en diferentes países de Europa comezan a ser dun forte control e intervención zoosanitaria.

Mentres tanto aquí, asistimos a unha caótica xestión da poboación xabaril, pretendendo solucionar o problema unicamente a tiros, e levan así uns cantos anos, onde cada vez hai máis batidas, máis animais sacrificados, pero tamén, máis xabarís. Semella que non teñen nin idea do que hai que facer. E tamén semella que, non sabemos porqué, son reticentes a actuar con criterios de planificación e xestión, e aplicar criterios científico-técnicos no diagnóstico e control da poboación.



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 18:04:09
Nº Rexistro: 46476
Data envio: 18/02/2019 18:04:09.831

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres tanto as consecuencias desta caótica xestión teñen un efecto moi negativo, non só para a agricultura e para a seguridade nas estradas, senón tamén para o medio ambiente. Un territorio non pode soportar unha presión cinexética intensiva durante 12 meses ao ano, algo que agora sucede coas case 20.000 batidas anuais que autorizan.

Teñen comités de expertos e reunións, das que nada transcende e semella que o único que se conclúe é cazar máis, e actuacións moi para a galería, que funcionan moi ben nos medios, dando a apariencia que se está a facer todo o posible, pero que son unicamente parches improvisados, ao estilo de arqueiros ou carísimas bolsiñas de laboratorio de ouriños de lobo, pero todo iso, sen ningún criterio de modelado da poboación.

Mentres o máis sinxelo e efectivo, elaborar un plan de xestión, con diagnóstico, programación de medidas, prazos a medio e longo tempo, seguimento, valoracións, bioseguridade, dotación orzamentaria etc, a iso non lle dan valor.

Faise necesario elaborar de inmediato un plan de xestión. Non pode ser un imposible. Agora, ante a ameaza dun novo e moito maior problema, a chegada da peste porcina, non se pode continuar improvisando con medidas que non solucionan o problema.

Sobre a peste porcina africana, hai un grupo permanente de expertos en Europa, proxecto liderado por un equipo do CSIC, que vén de aprobar un manual de actuación en setembro de 2018, con intención orientadora de como facer fronte á expansión da enfermidade, centrándose en aplicar criterios de **xestión e bioseguridade** sobre as poboacións de xabaril no medio natural. Este grupo do que participan expertos de diferentes administracións europeas informa de que:

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Asistimos a unha imparable expansión da peste porcina africana (PPA), considerada unha epidemia a grande escala, e que a Europa chegou polo leste e polo norte no ano 2007.

- A enfermidade logo pasou dos cochos domésticos ás poboacións salvaxes de xabarís, e estas comezaron a expandila cara o sur de Europa.

- No 2014 -2015 as autoridades xa evidenciaron a circulación do virus nos ecosistemas naturais converténdose nun ciclo epidemiolóxico autosostido.

- Nestes momentos a UE xa advirte que a enfermidade é endémica nas poboacións de xabaril de varios países de Europa do Leste e Centro e continúa expandíndose cara a Península Ibérica (hoxe, xa nas portas de Francia na fronteira belga), sendo un motivo de extrema preocupación.

- As autoridades veterinarias indican que controlar esta epidemia selvática de peste porcina está resultando unha tarefa moi difícil, dada a súa complexidade epidemiolóxica, a falta de experiencia e o alcance xeográfico do problema.

- Resulta preciso abordar a expansión da epidemia dun modo colaborativo e harmonizado entre as distintas rexións de Europa seguindo criterios científico-técnicos.

- As recomendacións pasan por actuar urxentemente adoitando medidas sobre manexo da caza do xabaril, introducir criterios de bisoseguridade e xestión, e correcta manipulación na eliminación e movemento das canais de xabaril.

- En primeiro lugar debe abordarse a xestión práctica das poboacións de xabaril incorporando criterios de BIOSEGURIDADE a fin de reducir os riscos e previr as consecuencias da chegada da enfermidade.



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 18:04:09
Nº Rexistro: 46476
Data envío: 18/02/2019 18:04:09.831

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Precisase non perder tempo, e aprobar xa un plan de xestión e de bioseguridade do xabaril, que permita ter diagnósticos anticipados do estado da poboación, tanto a efectos de control de tamaño e efectivos, como detención precoz de carga vírica da peste porcina, e posible identificación de áreas infectadas. Tamén contar coa previsión de elaborar un protocolo de actuacións e coordinación con diferentes axentes implicados (tecores, veterinarios, granxas, autoridades medioambientais), e campaña informativas e sensibilización sobre como actuar fronte a presenza de canais sospeitosas, así como o que facer cos xabarís cazados durante as sesións de controis de poboación.

- En zonas de risco, advírtese que os controis cinexéticos de poboación, so poderán efectuarse cando exista un protocolo estrito de intervención en canto a adoptar medidas de bioseguridade, cos que garantir a eliminación segura dos cadáveres de xabaril.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

-Elaborar e aprobar con urxencia un Plan de Xestión e de Bioseguridade do xabaril, que permita ter diagnósticos anticipados do estado da poboación, tanto a efectos de control de tamaño e efectivos, como detención precoz de carga vírica da peste porcina, e posible identificación de áreas infectadas.

-Introducir criterios de xestión e bioseguridade no manexo da caza do xabaril e unha correcta manipulación na eliminación e movemento das canais.



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 18:04:09
Nº Rexistro: 46476
Data envio: 18/02/2019 18:04:09.831

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Contar coa previsión de elaborar un protocolo de actuacións e coordinación con diferentes axentes implicados (autoridades medioambientais, tecores, veterinarios, granxas,).

-Desdeñar campañas informativas e de sensibilización sobre como actuar fronte a presenza de canais sospeitosas, así como o que facer cos xabarís cazados durante as sesións de controis de poboación."

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 18/02/2019 18:00:47**



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 18/02/2019 18:00:51**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/02/2019 18:00:53**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/02/2019 18:00:54**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2019 18:00:56**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2019 18:00:58**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 13:55:31
Nº Rexistro: 46492
Data envio: 19/02/2019 13:55:31.545

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e das súas deputadas **Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 5.ª**, sobre a prestación do servizo de pediatría no Centro de Saúde da Pobra de Trives.

**Exposición de motivos:**

A poboación galega caracterízase por unha serie de características como poden ser o despoboamento, illamento, dispersión xeográfica, problemas de mobilidade, carencia de recursos e servizos básicos, etc.

Esta situación vese favorecida polas políticas de desmantelamento do rural do Partido Popular e o seu progresivo estrangulamento dos servizos públicos neste contexto, que obriga á cidadanía a emigrar (cara as cidades...), perder dereitos e ter que deixar de vivir onde residiron sempre cando, a gran maioría da poboación maior o que quere é permanecer nos seus fogares o maior tempo posible.

Un claro síntoma dese estrangulamento do rural é o desmantelamento da atención sanitaria, como se pode comprobar en calquera lugar da xeografía galega, estrangulamento que se agrava dende que se aproba o Anteproxecto de Modificación da Lei de Saúde de Galicia.

A atención sanitaria no rural ten graves eivas, como se pode constatar na provincia de Ourense, nos centros de saúde do rural ourensán, situación que se ve agravada pola falta dun adecuado transporte público nas comarcas, o que provoca que a veciñanza, sobre todo a xente maior, se vexa obrigada a coller taxis e gastar

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 13:55:31
Nº Rexistro: 46492
Data envio: 19/02/2019 13:55:31.545



cartos en desprazarse aos centros de saúde ou hospitais, servizos esenciais e que cada vez están máis afastados dos seus domicilios.

No centro de saúde de Pobra de Trives, Manzaneda ou San Xoán de Río adoitan darse dificultades coa atención, derivadas dos recortes levados a cabo polas políticas do Partido Popular.

O servizo de pediatría de Pobra de Trives, servizo que funciona só dúas horas á semana, unha hora o martes e outra hora o xoves, leva dous meses sen atender ao estar a titular da praza de baixa, deixando as nenas e nenos da Comarca de Trives nunha situación de desatención vergoñenta por mor da xestión da Consellería de Sanidade neste ámbito.

Desde En Marea defendemos o respecto e a atención á cidadanía independentemente de onde residan así como o dereito das persoas a permanecer nos seus domicilios, no seu entorno, se así o desexan, todo o tempo que poidan.

O rural precisa recursos e garantías de atención.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.ª

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir o servizo de pediatría no Centro Médico de Pobra de Trives, restablecendo este os días e horas nos que viña prestando atención, para poder ter así, os seus nenos e nenas, o dereito máis básico: o dereito á saúde.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2019.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 13:55:31
Nº Rexistro: 46492
Data envio: 19/02/2019 13:55:31.545

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Eva Solla Fernández
Paula Vázquez Verao
Deputado e deputadas do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 19/02/2019 13:40:44**

**Eva Solla Fernández na data 19/02/2019 13:40:56**

**Paula Vázquez Verao na data 19/02/2019 13:41:03**

**Luis Villares Naveira na data 19/02/2019 13:41:10**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 17:05:26
Nº Rexistro: 46516
Data envío: 19/02/2019 17:05:26.027

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea,** por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Paula Quinteiro Araújo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª,** sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia de dinamización demográfica

Exposición de motivos

Un dos problemas máis relevantes que afronta a sociedade galega é a quebra demográfica que deixa datos alarmantes sobre o futuro poboacional. Que o noso é un país minguante é unha realidade que a día de hoxe os poderes públicos non atenden. Os datos son alarmantes, agravándose ano a ano. Así, no primeiro semestre de 2018 Galicia rexistrou o peor saldo vexetativo do país con 9.135 falecementos máis que nacementos. Deste xeito as mortes duplicaron aos nacementos, os máis reducidos dende que se ten rexistro. A isto temos que sumar as saídas migratorias, as miles de mozas e mozos que marcharon do país dende o inicio da crise económica que deixan un país cada vez máis pequeno.

Ante esta situación a Xunta de Galicia puxo sobre a mesa a necesidade dunha Lei de impulso demográfico que, segundo vimos de coñecer incluirá medidas “para atraer mulleres inmigrantes en idade fértil”. Unha medida que entendemos esencialmente machista e racista. Machista en canto reduce o papel das mulleres a nais reprodutoras e racista ao considerar que teñen que ser as mulleres que veñen as que terán máis fillos. Velaí a concepción do Partido Popular sobre a achega da inmigración aos nosos países, fillos. Unha idea, insisto, non soamente machista e racista senón esencialmente equivocada. Basta coñecer estudos

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

realizados ao respecto para comprobar como as taxas de natalidade das mulleres, migrantes e non migrantes, dependen, esencialmente, das condicións de vida nos países receptores. É dicir, que o gran freo á natalidade non son cuestións culturais, como parece desprenderse desta proposta, senón das condicións materiais nas que as mulleres e homes desenvolven as súas vidas. Neste senso, tratar de fomentar a natalidade debe partir, en primeiro lugar, por loitar contra a inseguridade sociolaboral, a precariedade e a desigualdade entre homes e mulleres. Estas medidas non só promoverían que as galegas tiveran as fillas e fillos que desexen ter, senón que permitiría que a nosa fora unha terra atractiva para as persoas migrantes.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- Rectificar de xeito inmediato esta proposta.

- Presentar un plan de atracción de poboación migrante centrada en cuestións sociolaborais que son as que determinarán que sexamos ou non un país receptor.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez,
Paula Quinteiro Araújo
Deputadas do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 17:05:26
Nº Rexistro: 46516
Data envio: 19/02/2019 17:05:26.027

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 19/02/2019 17:03:33**

**Paula Quinteiro Araújo na data 19/02/2019 17:03:43**

**Luis Villares Naveira na data 19/02/2019 17:03:54**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 09:56:33
Nº Rexistro: 46525
Data envío: 20/02/2019 09:56:33.417

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada vez que unha xeada tardía, un trebón con pedrazo, un ataque de mildeu desmesurado... unha pasaxe onde as perdas agrarias raian na catástrofe xorde o debate sobre axudas directas ou axudas ós seguros agrarios.

Chegados a este punto o posicionamento da Xunta de Galicia do PP é tan incomprensible que chegamos a preguntarnos se non haberá algún xeito de negocio polo medio.

Dise que o sistema de seguros agrarios no estado español nace na chamada Transición a raíz dos Pactos da Moncloa e que foi unha ensalada aliñada pola Dirección General de Seguros e Facenda que montaron todo sen contaren cos clientes, labregos/as e gandeiras/os.

Desta maneira os agricultores e as agricultoras cobren entre o 55% e o 35% da prima do seguro e o resto está subsidiado polo Estado e os gobernos autónomos.



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 09:56:33
Nº Rexistro: 46525
Data envio: 20/02/2019 09:56:33.417

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase pois dun pool que copa todo o mercado, situación esta que agacha un monopolio real ó ser Agroseguro a única opción de asegurar aspectos agrarios na actualidade.

Tal vez sexa esta condición de única opción quen leve a Agroseguro a non flexibiliza-las características das pólizas para adaptalas ás diferentes realidades agrarias e gandeiras do estado. E así os labregos e gandeiras galegos, unha vez máis, séntense discriminadas debido ós anacronismos e irregularidades que provocan que os seguros agrarios en Galicia teñan unha porcentaxe de pólizas tan exiguo.

Para que un invernadoiro asegurado poida optar ó resarcimento de perdas ocasionadas polo vento, este non pode supera-los 70km/hora porque para Agroseguro máis desta velocidade é temporal e xa non paga, co cal o agricultor se non se declara zona catastrófica queda sen cobertura. Claro que en Galicia episodios con ventos de máis de 70km/hora son frecuentes ó longo do ano.

Se asegura o cultivo de pataca so se contempla unha colleita cando é frecuente que en zonas de Galicia se dean dúas. Tamén no caso dos invernadoiros é Agroseguro quen marca as características dos mesmos pasando de seren instalacións (facilmente desmontables) a construcións con zapatas de cemento riostradas nas cabezas que precisan de proxecto, colexio de arquitectos etc. En Galicia os invernadoiros móntanos os agricultores e non unha empresa especializada e o seguro así non dá cobertura.

Pero o colmo da arbitrariedade está en que un agricultor que subscriba unha póliza sobre fincas e que sexa directivo ou membro dun Tecor queda excluído do agroseguro.

Son tales as arbitrariedades para coa realidade de Galicia froito do descoñecemento das singularidades dos nosos sectores agrícolas e gandeiros que a



CSV: 5HE4H7lBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 09:56:33
Nº Rexistro: 46525
Data envio: 20/02/2019 09:56:33.417

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

subscrición de pólizas é mínima a pesar dos intentos da administración por aumentar esta porcentaxe.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que medie diante de Agroseguro para que previa consulta cos diferentes sectores agrogandeiros de Galicia adapte as condicións das pólizas ás distintas realidades dos mesmos."

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2019 09:52:45**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2019 09:52:50**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2019 09:52:51**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2019 09:52:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2019 09:52:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2019 09:52:56**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 12:30:25
Nº Rexistro: 46544
Data envio: 20/02/2019 12:30:25.966

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A base operativa de prevención e defensa de incendios forestais do distrito XVII, con sede na Entidade Local Menor de Queimadelos (Mondariz) encóntrase nunha situación irregular xa que está ocupando terreos de titularidade da Entidade Local Menor sen un acordo vixente que o ampare.

O pasado 28 de setembro de 2017 a ELM de Queimadelos acordou por unanimidade declarar a nulidade do acordo adoptado o 20 de abril de 1999 pola Xunta Veciñal, en virtude do cal se cedeu gratuita e indefinidamente terreos á Consellaría do Medio Rural para a instalación da base de helicópteros para a extinción de lumes forestais. Este acordo de nulidade non foi recorrido pola Xunta de Galiza, polo cal ten plena vixencia.

O acordo adoptado pola ELM de Queimadelos está avalado polo Consello Consultivo de Galicia quen, nun informe vinculante, considerou que “existen causas suficientes para proceder á declaración de nulidade da resolución da ELM



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Queimadelos por canto do exame realizado do expediente resulta que o mencionado acto dictárase prescindindo total e absolutamente do procedemento e normas esenciais da conformación da vontade de órganos colexiados, resultando polo tanto nulo de pleno dereito".

O presidente da ELM de Queimadelos dirixiu escritos á consellaría de Medio Rural en febreiro de 2018 comunicando a decisión de anular o acordo de 1999 e propoñendo unha xuntanza co obxectivo de chegar a un novo acordo de cesión satisfactorio para ambas as dúas partes. Un acordo no que se deberían fixar cuestións como a duración da cesión e as contraprestacións por parte da administración autonómica, tendo en conta que a ELM asume en exclusiva os perxuicios dun servizo que se presta a un amplo número de concellos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1. Negociar coa Entidade Local Menor de Queimadelos (Mondariz) un acordo que substitúa o de 1999 que foi declarado nulo, co obxecto de regularizar a situación da base operativa de prevención e defensa de incendios forestais do distrito XVII.



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Que este acordo, no que se fixe a duración da cesión dos terreos e as contrapartidas por parte da consellaría do Medio Rural, se asine no primeiro semestre do ano 2019."

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2019 12:27:41**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2019 12:27:46**



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2019 12:27:47**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2019 12:27:49**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2019 12:27:50**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2019 12:27:51**



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 13:18:03
Nº Rexistro: 46558
Data envio: 20/02/2019 13:18:03.388

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea,** a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

**Exposición de motivos:**

Moitas e moitos profesionais TES (Técnicos en Emerxencias Sanitarias) están a denunciar gravísimas irregularidades por parte das empresas que xestionan o transporte sanitario en Galicia, respecto ao incumprimento por parte das mesmas, do contido recollido no Real Decreto 22/2014 sobre as características técnicas, equipamento sanitario e dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario terrestre.

A contratación de persoal sen a titulación esixida ou a falta de dotación de equipamento e persoal nos vehículos, supoñen infraccións graves das que a Consellería de sanidade ten coñecemento por parte das asociacións profesionais de técnicos, que levan requirindo a necesidade de que a Administración actúe coa dilixencia que se lle presume e non sexa cómplice do incumprimento da normativa así como de favorecer o intrusismo laboral, en detrimento da calidade nas condicións laborais das e dos traballadores así como da atención e saúde das persoas.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a recoñecer a categoría profesional de Técnico de Emerxencias Sanitarias, establecendo un protocolo de verificación do persoal coa fin de controlar o cumprimento da normativa.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 13:18:03
Nº Rexistro: 46558
Data envio: 20/02/2019 13:18:03.388

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 20/02/2019 13:12:50**

**Luis Villares Naveira na data 20/02/2019 13:12:56**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 17:38:22
Nº Rexistro: 46587
Data envio: 20/02/2019 17:38:22.052

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira** e das súas deputadas e deputados **Carmen Santos Queiruga, Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez** e **Marcos Cal Ogando,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.ª.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os casos de delitos sexuais están medrando en Galicia. Estes delitos pasaron de 459 a 540, con 56 violacións cometidas no ano 2018, 12 máis que no ano 2017.

Galicia é a sexta Comunidade Autónoma con máis incremento da delincuencia, inda que é a cuarta máis segura no cómputo total.

Os datos do Ministerio do Interior sobre os delitos cometidos no ano 2018 sinalan que houbo 77.969 infraccións penais cometidas, un 5.1% máis ca no 2017 e dous puntos superior á media do Estado.

Por provincias, a única provincia na que diminúen as violacións é a de Lugo, que pasa de 10 no ano 2017 a 5 no ano 2018, porén no resto das provincias medraron. Así na provincia da Coruña pasaron de 16 violacións a 20, en Ourense de 5 a 7 e en Pontevedra de 13 a 24, sendo a provincia na que máis delitos se cometeron deste tipo.

Por outra banda os delitos contra a liberdade e indemnidade sexual restantes tamén se incrementaron en todas as provincias. Entre outros abusos, acoso sexual, prostitución, provocación sexual, pornografía e exhibicionismo. Así, na

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Coruña aumentaron nun 20.1% , en Lugo un 4.9%, en Ourense un 58.5% e en Pontevedra un 5.9 %, sendo por tanto Ourense a provincia na que máis medraron este tipo de denuncias.

As agresións sexuais con penetración ou violacións no conxunto estatal no ano 2017 pasaron de ser 1387 ata as 1702 no ano 2018, cunha variación porcentual interanual do 22,7% mentres que o resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual pasaron de 10.305 no ano 2017 a 12.109 no ano 2018. En Galicia, pasaron no caso das violacións de 44 a 56 cunha variación de 27.3% interanual e no resto de delitos contra a indemnidade sexual de 415 a 484 cunha variación do 16.6% interanual.

Esta prevención e formación terá que ser máis recorrente no rural, a través das asociacións, nomeadamente das asociacións de mulleres, nas escolas e institutos, xa que pola orografía do noso país faise en ocasións difícil chegar a todos as xentes. Nestes casos, as administracións local terá unha especial relevancia no artello de cursos de formación en igualdade e prevención de ditos delitos contra a liberdade, e como actuar ante eles.

Este incremento significativo deste tipo de delitos da unha idea cruel da violencia que se segue a exercer contra as mulleres.

É necesario pois crear unha mesa de coordinación e análise autonómica sobre violencias sexuais, que analice as causas e afonde na prevención dos mesmos e na erradicación da violencia machista en colaboración co Consello galego de Mulleres e o Observatorio Galego de Violencia de xénero. Asemade, para un maior control da publicidade traballarán en conxunto coa Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista, para analizar desde esta óptica toda a publicidade nos medios de titularidade públicos e privados e a súa incidencia na perpetuación das desigualdades que orixinan a violencia contra as mulleres.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 17:38:22
Nº Rexistro: 46587
Data envio: 20/02/2019 17:38:22.052

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Tamén é necesario que no Informe anual de seguimento da Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento Integral da Violencia de Xénero de Galicia, que se entrega a esta cámara se faga fincapé na orixe e a tipoloxía destes delitos, e a súa resolución.

Dos delitos ocorridos no ano 2017, que se cometeron a razón de 1.37 diarios, esclarecéronse 354, houbo 253 detidos e investigados e 480 vítimas.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar os recursos na prevención destes delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais, mediante a realización de campañas de sensibilización nos centros educativos, acorde ás idades, e nos medios de comunicación de titularidade públicos.
2. Realizar xornadas de formación sobre os delitos de natureza sexual, e a prevención dos mesmos, así como formación en igualdade, que sexan obrigatorias nos centros de traballo dependentes da Xunta, organismos públicos e privados e das empresas.
3. Realizar charlas e obradoiros de formación sobre igualdade, prevención de delitos de natureza sexual e as súas consecuencias en colaboración coas asociacións, concellos e deputacións, e nomeadamente no rural.
4. Crear unha Mesa de coordinación e análise autonómica sobre violencias sexuais, en colaboración co Consello galego de Mulleres e o Observatorio Galego de Violencia de xénero, para analizar as causas e afondar na prevención deste tipo de delitos, así como na erradicación da violencia machista.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR en marea

5. Incrementar o control na publicidade e dos contidos, sobre todo nos horarios infantís e naqueles horarios diúrnos, con maior afectación polo visionado masivo, a través da Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista.
6. Fiscalizar a posta en marcha de protocolos de prevención de acoso sexual e outras condutas atentatorias contra a liberdade e indemnidade sexual en todas as empresas e administracións de Galicia.
7. Por en marcha campañas de prevención ante os delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais.
8. Incrementar a formación en igualdade e a prevención e detección destes delitos contra a liberdade e indemnidade sexual nos profesionais da medicina, enfermería, psicoloxía, forenses, xulgados, e forzas e corpos de seguridade, por ser as primeiras persoas que acompañan e tratan coas persoas que sofren estes delitos.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019

Asdo.: Luís Villares Naveira
Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.
Carmen Santos Queiruga
Paula Vázquez Verao
Paula Quinteiro Araujo
Davide Rodríguez Estévez
Marcos Cal Ogando
Deputadas e deputados do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 17:38:22
Nº Rexistro: 46587
Data envio: 20/02/2019 17:38:22.052

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Luis Villares Naveira na data 20/02/2019 17:28:24**

**Carmen Santos Queiruga na data 20/02/2019 17:28:33**

**Paula Vázquez Verao na data 20/02/2019 17:28:42**

**Paula Quinteiro Araújo na data 20/02/2019 17:28:46**

**David Rodríguez Estévez na data 20/02/2019 17:28:56**

**Marcos Cal Ogando na data 20/02/2019 17:29:04**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 18:14:33
Nº Rexistro: 46595
Data envio: 20/02/2019 18:14:33.839

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea,** por iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo e Flora María Miranda Pena** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.ª**

Exposición de motivos

A ría do Burgo, que atravesa os concellos da Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros, constitúe un dos espazos naturais máis importantes das Mariñas. É relevante tanto para o propio ecosistema como para a economía da comarca.

Non obstante, fai tempo que a ría sofre unha crecente degradación a consecuencia dos vertidos incontrolados, tanto industriais como urbanos, que se produciron durante décadas. As actuacións dos gobernos locais e da Xunta lograron deter os vertidos, pero as súas consecuencias aínda se deixan sentir.

Fai máis dun ano, o 27 de setembro de 2017, publicouse no BOE a Declaración de Impacto Ambiental do dragado da ría do Burgo, favorable á realización das obras. A día de hoxe, non se produciu ningún avance na limpeza do estuario. Nin sequera se fixo público o proxecto definitivo, polo que se descoñece incluso cando se executarán as actuacións concretas.

Mentres tanto, a ría continúa sufrindo os efectos prexudiciais da contaminación. Como parte do estudo ambiental do seu proxecto de ampliación da ponte da ría da Pasaxe, o Ministerio de Fomento elaborou un informe recentemente sobre a calidade das augas da zona do Burgo. A súa conclusión foi que os valores de

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

oxíxeno disolto na auga "son extremadamente baixos, o que da unha idea do grado de contaminación das augas". O nivel baixo de oxíxeno "indica contaminación con materia orgánica, septicización, mala calidade da auga e incapacidade para manter determinadas formas de vida".

Así as cousas, cómpre exixir, novamente, que o Goberno central adopte tódalas medidas posibles que permitan a inmediata recuperación e rexeneración da ría do Burgo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

o Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Esixir e colaborar co Goberno do Estado para que entre ambas administracións:

  - Doten de orzamento suficiente ao proxecto de dragado da ría.
  - Poñan datas ás actuacións precisas para o dragado.
  - Compensen aos mariscadores e mariscadoras polas perdas económicas que sexan consecuencia das substancias contaminantes mobilizadas polo dragado. As compensacións deben manterse mentres non se garantan as condicións óptimas para a práctica do marisqueo.
  - Elaboren un plan de vixilancia que controle de maneira exhaustiva, periódica e transparente:
    - A calidade das augas de baño.
    - A estanqueidade dos recintos de confinamento dos lodos sitos en Culleredo e Oleiros.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 18:14:33
Nº Rexistro: 46595
Data envio: 20/02/2019 18:14:33.839



- A evolución das poboación de flora e fauna asentadas na ría e na súa contorna próxima.

- Creen un corredor ecolóxico entre o encoro de Cecebre e o mar, afondando nas medidas de conservación que establece a Reserva da Biosfera.
- Ordenen os diferentes usos da ría, co obxecto de lograr un uso sostible da mesma, así como o mantemento das funcións ecolóxicas, económicas e sociais do espazo.
- Valoren declarar a ría do Burgo espazo protexido de acordo coas previsións da Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade.
- Desenvolvan accións concretas destinadas ao aproveitamento e fomento das poboacións de aves da ría.
- Convertan a Aula de Natureza situada no xardín botánico de Culleredo nun centro de interpretación da zona húmida.
- Constitúan, previa á licitación do proxecto, unha comisión de seguimento na que estean representadas as entidades implicadas no proxecto (o Ministerio de Medio Ambiente, a Xunta de Galicia, as entidades presentes na Mesa da Ría..).

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Flora María Miranda Pena

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 18:14:33
Nº Rexistro: 46595
Data envio: 20/02/2019 18:14:33.839

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 20/02/2019 18:11:07**

**Flora María Miranda Pena na data 20/02/2019 18:11:17**

**Marcos Cal Ogando na data 20/02/2019 18:11:24**

**Luis Villares Naveira na data 20/02/2019 18:11:32**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 13:51:03
Nº Rexistro: 46616
Data envio: 21/02/2019 13:51:03.574

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a obriga de cursar a materia de relixión no bacharelato e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza hai estudantes de Bacharelato que, non tendo vontade de cursar estudos de relixión, vense obrigados a facelo polo cómputo horario e a oferta de materias específicas vixente na actualidade que inclúe, coa aprobación da LOMCE e o Decreto 86/2015, relixión católica como tal.

A combinación horaria e a oferta académica –nomeadamente o mantemento da relixión como materia específica cunha hora lectiva-- está a obrigar, de facto, o estudantado –especialmente do bacharelato científico-tecnolóxico-- a cursar estudos de relixión.

Acontece así coa escolla de materias como robótica ou antropoloxía (2h), nos centros en que estas se inclúen na oferta, mais tamén e de maneira máis gravosa, acontecerá a partir do vindeiro curso 2019/2020 co estudantado que opte



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 13:51:03
Nº Rexistro: 46616
Data envío: 21/02/2019 13:51:03.574

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pola materia de libre configuración autonómica ‘Coeducación’ (2h), unha materia incluída no currículo de Bacharelato pola Xunta de Galiza co obxectivo de formar en igualdade, feminismo e prevención da violencia machista, unha contradición en termos co estudo e ensino de relixión.

Para o Bloque Nacionalista Galego, a relixión debe ficar no ámbito exclusivamente privado e, polo tanto, fóra do ensino público, sexa cal for a crenza e confesión que se profese. Máis aínda, se temos en conta que o Estado español se define como aconfesional, embora non laico.

Neste senso, ningunha persoa se pode ver obrigada, de facto, a cursar esta materia como tampouco debería incluírse na oferta educativa de ningún centro de ensino público do noso país, o que exixe –como vén reclamando o BNG-- a derrogación da LOMCE.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para lle reclamar a derrogación da Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) especialmente, a supresión da relixión como materia específica do ensino. Así mesmo, entretanto isto non se produce, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a garantir que ningunha persoa se vexa obrigada, pola combinación horaria e de oferta educativa, a cursar estudos de relixión en ningún



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 13:51:03
Nº Rexistro: 46616
Data envio: 21/02/2019 13:51:03.574

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

itinerario nin centro de ensino adoptando as medidas que sexan oportunas para tal fin."

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 13:50:21**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 13:50:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 13:50:28**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 13:50:29**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 13:50:31**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 13:50:32**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 16:52:01
Nº Rexistro: 46631
Data envío: 21/02/2019 16:52:01.002

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao abeiro do programa operativo FSE Galicia 2014-2020 (SI427A) a Secretaría Xeral de Igualdade vén convocando subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

No ano 2017, mediante a Resolución do 29 de decembro de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2018), estabelecéronse as bases reguladoras e convocáronse para o ano 2018 as subvencións. No procedemento de concesión as solicitudes son avaliadas pola comisión de valoración prevista no artigo 12.2 das bases reguladoras. Así mesmo, de conformidade co artigo 14.3 das bases reguladoras, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións destas subvencións serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia, a cal producirá os mesmos efectos da notificación.



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 16:52:01
Nº Rexistro: 46631
Data envio: 21/02/2019 16:52:01.002

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2018 unha das receptoras de axudas foi Red Madre, de forma que a organización antiabortista promovida polo Foro Español da Familia obtivo 78.477,85 euros nas axudas. A xuízo do BNG isto evidencia o fallo da comisión de valoración e o funcionamento irresponsábel da área de igualdade do goberno galego, pois estase a financiar unha organización que atenta contra o dereito ao aborto e que promove as súas mensaxes de medo ademais sen criterios científicos.

O venres 25 de xaneiro o Diario Oficial de Galiza publicaba a resolución do 21 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento SI427A).

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é inaceptable financiar este tipo de organizacións por atentaren contra os dereitos humanos e particularmente das mulleres e a súa libre decisión respecto da maternidade.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a deixar de financiar con diñeiro público organizacións contrarias aos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, para o que revisará os criterios de valoración dos seus procedementos de concesión de subvencións.



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 16:52:01
Nº Rexistro: 46631
Data envio: 21/02/2019 16:52:01.002

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, o Parlamento galego acorda por resolución declarar non grata á asociación Red Madre."

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 16:47:37**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 16:47:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 16:47:43**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 16:47:45**



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 16:52:01
Nº Rexistro: 46631
Data envio: 21/02/2019 16:52:01.002

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 16:47:47**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 16:47:48**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:11:36
Nº Rexistro: 46636
Data envío: 21/02/2019 17:11:36.246

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A loita contra as violencias machistas é unha obriga para toda a sociedade e, de forma particular, para todas as administracións, que deben colaborar no impulso daquelas ferramentas precisas para erradicala, tanto desde a prevención como desde a intervención. En Galiza a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero arbitra múltiples ferramentas para estes dous ámbitos.

Dentro dos recursos máis necesarios atopamos os de acollida. Neste sentido, cómpre recordar que xa a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, recoñece un feito diferencial de xénero e recolle no artigo 19, co título «Dereito á asistencia social integral», que «as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollemento e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e das corporacións locais



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:11:36
Nº Rexistro: 46636
Data envio: 21/02/2019 17:11:36.246

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional».

Despois de máis dunha década de aplicación da lei galega e da lei estatal, Galiza dispón dunha importante rede de acollemento que debe seguir sendo mellorada e actualizada xa que os recursos de carácter residencial son primordiais.

Algunhas das cuestións que deben ser fiscalizadas por parte da Xunta de Galiza son o correcto funcionamento dos recursos que teñen accedido á *Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero* e asinado o seu protocolo. No mesmo desenvólvese o *Artigo 48.-Rede galega de acollemento* da lei galega recollendo obxectivos, entidades participantes e derivantes, procedementos e documentación, entre outros.

No momento de asinar esta iniciativa, o protocolo dispoñíbel na web da Secretaría Xeral de Igualdade é o asinado en maio do 2016. Porén, nos últimos tempos, tal e como ten informado o goberno galego nas súas comparecencias e nas respostas a este Grupo Parlamentar, esta rede ten sido ampliada e enténdese que a información debe ser actualizada. Así mesmo, recentemente teñen chegado dúbidas a este Grupo Parlamentar sobre a xestión dun destes recursos, concretamente o de Ourense.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:11:36
Nº Rexistro: 46636
Data envio: 21/02/2019 17:11:36.246

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a actualizar o protocolo da *Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero* e comprometerse a mellorar a información xeral desta web suplindo as deficiencias actuais."

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 17:03:10**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 17:03:15**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:11:36
Nº Rexistro: 46636
Data envio: 21/02/2019 17:11:36.246

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 17:03:16**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 17:03:18**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 17:03:19**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 17:03:21**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:24:09
Nº Rexistro: 46641
Data envio: 21/02/2019 17:24:09.675

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A intervención de 87 peles de raposo nun control da Garda Civil o pasado 19 de febreiro en Ferrol -da que non transcendeu a súa procedencia e destino- é cando menos un suceso estraño que cando menos debe ser motivo de investigación e esclarecemento por parte das autoridades de medio ambiente da Xunta de Galiza.

Cabe sinalar que a cantidade intervida é un número relativamente importante de peles como para conseguilas dunha maneira lícita e en cumprimento da normativa ambiental e cinexética vixente. Ou ben existe un tráfico ilegal procedente de capturas furtivas, ou ben un mercadeo sen papeis e clandestino con animais cazados de maneira legal.

Polo número de peles intervidas, na Galiza só existen moi poucos actores capaces de dispoñer dese material, nesas cantidades e dun modo relativamente doado: os que gardarían relación cos campionatos de caza do raposo celebrados nos últimos dous meses, dos que as capturas se recollen de xeito centralizado pola organización para o seu suposto posterior estudo.



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:24:09
Nº Rexistro: 46641
Data envío: 21/02/2019 17:24:09.675

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en consideración estes feitos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a abrir unha investigación sobre a orixe e destino das peles de raposo interceptadas o pasado 19 de febreiro para determinar se existe unha trama de tráfico ilegal. Asemade, considerando a proximidade no tempo cos campionatos de caza do raposo, a realizar un estudo sobre o uso e destino dos raposos abatidos nos campionatos de caza celebrados en Galiza nos meses de xaneiro e febreiro."

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 17:20:58**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 17:21:04**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 17:21:05**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 17:21:06**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 17:21:07**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 17:21:09**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:32:37
Nº Rexistro: 46649
Data envío: 21/02/2019 17:32:37.183

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

## Exposición de motivos

A Xunta de Galicia, considera unha prioridade entre as súas políticas o fomento da conciliación. Sen embargo, esta prioridade, na práctica, convértese nunha mera declaración de intencións. E no Concello de Lalín o saben ben.

No ano 2015 denunciábase a supresión de tres prazas de persoal nas garderías deste concello, unha educadora e unha mestra na escola infantil Galiña Azul do polígono Lalín 2000 e unha educadora na gardería de Pontiñas. Isto supuxo unha rebaixa do persoal do 20 por cento.

A día de hoxe, estas escolas infantís seguen a ter problemas para atender a demanda existente, o que conleva problemas a moitos pais e nais para conquerir a conciliación familiar que sería desexable.

A día de hoxe a Escola infantil de Pontiñas atende a 41 nenos e nenas, quedando 15 en lista de agarda (14 nas idades entre 1 e 2 anos).

Na escola de O Polígono Lalín 2000 tres nenos quedaron excluídos no tramo de 1-2 anos.

A realidade é que na Escola de O Polígono o horario actual de peche ás 17:00h está a dificultar e disuadir a algúns pais e nais que, para favorecer a conciliación laboral e familiar, precisan dun horario máis amplo e polo tanto, vense disuadidos a solicitar praza neste centro.

A realidade é que nos últimos tempos a Xunta de Galicia vén de abrir unha nova unidade noutras oito escolas infantís da rede autonómica A Galiña Azul, 7 delas en concellos gobernados polo PP. Cuestión que leva a dubidar das verdadeiras motivacións do Goberno para a consideración das prioridades na toma de decisión de reforzo de prazas nos diferentes concellos de Galicia.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:32:37
Nº Rexistro: 46649
Data envío: 21/02/2019 17:32:37.183

De feito, no caso do concello de Lalín contan co espazo e a demanda para abrir novas unidades, así como para favorecer que o horario de apertura sexa máis amplo e atenda ás verdadeiras necesidades da poboación deste concello.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reforzar a oferta de prazas públicas nas escolas infantís de 0-3 anos no concello de Lalín para o vindeiro curso 2019-2020 e priorizando as seguintes medidas:

- Incorporar dúas novas unidades no centro Escola Infantil Lalín (Pontiñas), para atender a demanda de nenos de entre 0-1 e 1-2 anos, e reservando para tal fin as partidas orzamentarias necesarias que permitan a incorporación do persoal preciso para cada unidade.

- Valorar a ampliación do horario de atención dos menores ata as 20:00h, no caso de demostrarse a existencia de demanda suficiente para a ampliación de horario de atención na Escola Infantil Lalín (Polígono).

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 21/02/2019 17:04:01**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/02/2019 17:04:06**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:32:37
Nº Rexistro: 46649
Data envio: 21/02/2019 17:32:37.183

**Julio Torrado Quintela na data 21/02/2019 17:04:12**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/02/2019 17:04:16**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:52:57
Nº Rexistro: 46659
Data envio: 21/02/2019 17:52:57.172

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o BNG de Lalín fixo unha denuncia pública do cobro abusivo por parte da empresa Nedgia de facturas de consumo de gas. Segundo os datos recabados, a empresa remitiu a particulares facturas co triple de consumo con respecto aos mesmos meses do ano pasado. Concretamente detectáronse nun caso o incremento do 262% e noutro do 248%. E máis casos con importantes incrementos na facturación.

Nestes casos, e noutros dos que se tivo coñecemento, o cálculo do custo non se fixo a partir de lecturas reais do consumo realizado senón a partir dunha estimación media claramente abusiva.

Como consecuencia da denuncia pública do BNG, a empresa Nedgia anunciou a devolución de facturas cobradas indebida e abusivamente.

Como esta empresa é reincidente neste tipo de prácticas, como se puido comprobar no caso das revisións das instalacións que non procedían. E como pode haber máis persoas afectadas, tanto en Lalín como noutras vilas do país, o Grupo



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:52:57
Nº Rexistro: 46659
Data envío: 21/02/2019 17:52:57.172

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

"O Parlamento insta ao goberno galego a

1. Abrir un expediente de investigación e realizar un informe sobre prácticas abusivas no cobro de facturas de consumo de gas por parte da empresa Nedgia.

2. Tramitar o correspondente expediente sancionador á citada empresa, no caso de que se confirmen estas prácticas abusivas e contrarias aos dereitos das persoas consumidoras.

3. Realizar unha campaña informativa e de prevención sobre os posíbeis abusos de empresas que actúan cunha clara posición de dominio e mesmo de monopolio na prestación de servizos de subministros básicos."

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:52:57
Nº Rexistro: 46659
Data envio: 21/02/2019 17:52:57.172

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 17:49:56**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 17:50:00**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 17:50:02**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 17:50:03**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 17:50:05**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 17:50:07**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:00:32
Nº Rexistro: 46668
Data envio: 21/02/2019 18:00:32.795

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa ao naufraxio do cerqueiro "Sin querer 2" e as medidas a tomar polo Goberno galego para garantir a seguridade nas costas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 19 de decembro o barco cerqueiro "Sin Querer 2" con base en Portonovo, pertencente á armadora Vixa de Meaño naufragou a 4.5 millas do Cabo Fisterra.

Este tráxico accidente saldouse co triste balance de tres mariñeiros mortos e un a día de hoxe aínda desaparecido, todos do concello de Cambados, sendo rescatados con vida os outros seis mariñeiros que formaban a tripulación do barco.

Este novo drama pon en evidencia o desprotexidas que están as nosas costas, a falta de medios, e o dilatado dos tempos de resposta dos servizos de salvamento. O risco que supón que uns 40.000 buques pasan a apenas uns quilómetros das nosas costas, polo chamado "corredor de Fisterra", arredor do

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:00:32
Nº Rexistro: 46668
Data envio: 21/02/2019 18:00:32.795

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

80% con mercancías perigosas e que cada día centos de barcos saen a faenar e precisan protección.

No que vai do século XXI xa son máis de 100 barcos os que levan afundido nas costas galegas, os máis deles pesqueiros.

Neste contexto a base de salvamento marítimo de Rubio en Lires, Cee pechada desde hai catro anos, arredor de dous millóns de euros malgastados nun heliporto e nunha nave inoperativas e coas instalacións pechadas, ao que hai que sumar os trece millóns de euros da adquisicións dun helicóptero que agora ten a súa base en Santiago a 70 quilómetros da costa, todo un despropósito.

Ao igual que o material para a loita contra a contaminación estea nunha nave en Fene e non na Costa da morte.

Haberá que agardar as conclusións das distintas investigacións postas en marcha, tanto polo Xulgado nº 2 de Instrución de Corcubión como pola Comisión de Investigacións de Accidentes Marítimos, mais hai cuestións relevantes que deben ter resposta por parte do Goberno galego, que teñen a ver co dispositivo de emerxencias e rescate. A seguridade das xentes do mar debe ser unha prioridade para o Goberno galego, non poden xogarse a vida continuamente cando saen ao mar.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:00:32
Nº Rexistro: 46668
Data envío: 21/02/2019 18:00:32.795

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a realizar de inmediato todas as accións precisas para que na Costa da Morte estea operativa a base de salvamento marítimo, con medios aéreos e humanos que actúen durante as 24 horas do día os 365 días do ano."

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:00:32
Nº Rexistro: 46668
Data envio: 21/02/2019 18:00:32.795

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 18:00:06**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 18:00:10**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 18:00:12**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 18:00:13**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 18:00:14**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 18:00:16**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:18:49
Nº Rexistro: 46670
Data envio: 21/02/2019 18:18:49.295

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa da súa deputada Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As interaccións entre a esfera pública e a privada foron normalizadas grazas á necesidade do Estado de contar con profesionais altamente formados para cubrir cargos específicos. Estes profesionais soen adquirir devandita experiencia en empresas estratéxicas do ámbito privado para despois integrarse temporalmente nas estruturas do Estado. A súa procedencia non debe ser un condicionante para exercer un cargo público. Sen embargo fomos testemuñas de como unha multitude de casos desenvolveron as súas funcións públicas dun xeito pouco neutral, en favor de intereses particulares ou con intencións relacionadas co seu futuro individual por riba do ben común.

Se ben entendemos que os expertos que veñen do sector privado se converten en cargos públicos, é preocupante que non existan mecanismos que garantan a desvinculación real que debe producirse cando un empregado dunha empresa privado pasa a exercer un cargo público de responsabilidade. O enorme número de casos de portas xiratorias actual amosa que os actuais mecanismos de prevención non son efectivos. Os cargos de alta relevancia política poden (e soen) asegurarse un posto dentro de grandes empresas á finalización do seu mandato. Estes movementos sóense afianzar con adxudicacións ou promulgando lexislación beneficiosa para os intereses particulares da empresa.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

A lexislación española procura poñer freo a este fenómenos mediante a Lei 3/2015, de 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración do Estado, onde se crea un órgano de vixilancia e control dos altos cargos da Administración Xeral do Estado a través da Oficina de Conflitos de Intereses. Lamentablemente, esta oficina non pode atallar os movementos de alternancia entre a esfera pública e a privado. Este pode ser debido aos seus limitados recursos ou a súa dependencia orgánica ministerial.

Tamén existen outras medidas, dispersas nunha multitude de leis, que tampouco son eficaces para frear o problema das portas xiratorias. Tanto a Lei 10/2019, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, como a Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, acercan posicións en canto a transparencia e incompatibilidades, mais a dispersión normativa e a multiplicidade de niveis e órganos propostos non bloquean as incidencias privadas no sector público a través das portas xiratorias.

A días de hoxe non pode negarse que a aceptación e normalización histórica das portas xiratorias supuxo unha derrota democrática, propiciando unha dinámica de depredación que deteriorou gravemente ao Estado de Benestar español. A pesar disto non podemos resignarnos a aceptar este bloqueo como algo inevitable.

Os efectos combinados de por un lado unha regulación insuficiente para atallar os casos de portas xiratorias sumado á dependencia dos órganos de decisión sobre as incompatibilidades, propiciaron a priorización política e lexislativa das grandes empresas sobre os interesas da cidadanía. Este feito derivou en numerosas ocasións en profundas distorsións do mercado español. As consecuencias de non poñer freo a este fenómeno hoxe poden verse na esaxerada precariedade do mercado laboral, nos prezos excesivos da electricidade, na

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

destrución do mercado das renovables ou nos abusos do mercado inmobiliario, sectores que en gran medida están desvirtuados como consecuencia de políticas clientelares froito da intromisión constante de intereses privados e individuais na xestión das políticas públicas.

Da normalización das portas xiratorias resultou o saqueo de servizos e fondos públicos que afectan ás maiorías máis necesitadas. Deste xeito dinamitouse o verdadeiro sentido do Estado de Benestar, que non é outro que protexer e chegar a suplir as necesidade das clases máis desfavorecidas alí onde o mercado non chega. As portas xiratorias deixáronnos unha sociedade cada vez máis dividida entre ricos e pobres e un Estado baleiro de contido que tende a ser privatizado grazas á acción carroñeira das grandes empresas.

Podemos atopar claros exemplos onde ex dirixentes políticos ou ex altos cargos forman parte de consellos de administración de empresas que encabezan sectores con vantaxes comparativas. A “fichaxe” destas poderosas e influentes personaxes propiciou medidas contrarias ao ben común, como o rescate á Banca, o rescate de autopistas, a venta de bens inmobiliarios a fondos voitres a prezos irrisorios, entre outros. Deste xeito construíuse unha relación de favoritismo entre o poder público e cercas empresas que deterioraron gravemente os servizos públicos.

Este fenómeno, que no seu interior leva consigo a esencia dun modelo de depredación neoliberal, xustifica a ineficacia do público a través das atrocidades cometida en favor do privado. Beneficiando ás empresas grandes sobre as pequenas e ao privado sobre o público. Este esquema político de privatizacións e de detrimento do público deixa nunha posición de debilidade ao Estado, derivando en abusos por parte das grandes empresas.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:18:49
Nº Rexistro: 46670
Data envio: 21/02/2019 18:18:49.295

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

A actividade máis frenética en canto a movementos de información sensible e de entrada e saída de persoas influentes na Administración Pública, veuse rexistrada en relación con empresas que operan no mercado de valores. Non é casualidade que estes movementos se dan xustamente nas empresas con maior capacidade económica representadas no mercado de valores. Estas entradas e saídas do aparato público ao privado propician, sen dúbidas, a corrupción e a promoción dos intereses particulares sobre as estruturas do Estado.

Co obxectivo de reforzar o Estado e asegurar a súa integridade, é preciso dar unha resposta contundente mediante unha política activa en materia de conflito de intereses e portas xiratorias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Garantir a independencia dos cargos públicos dentro das institucións autonómicas respecto á esfera privada a través dun código de conducta vinculante.
2. Dotar de independencia ás entidades públicas encargadas dos réximes de incompatibilidades, con especial atención a aquelas que regulan os altos cargos autonómicos, membros do Goberno e Parlamento.
3. Crear unha entidade independencia con exclusiva competencia sobre o réxime de incompatibilidades e conflito de intereses con capacidade para responsabilizar a aquelas empresas que infrinxan a normativa referente a portas xiratorias, que garanta a transparencia e que teña capacidade de avaliación e seguimento de políticas públicas.

CSV: 5HE4H7lBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:18:49
Nº Rexistro: 46670
Data envio: 21/02/2019 18:18:49.295



4. Propoñer un período de carencia mínimo de cinco anos para membros do Goberno, altos cargos autonómicos e membros electos do Parlamento de Galicia que sexan susceptibles ás portas xiratorias.
5. Promover a tipificación das portas xiratorias como delito.
6. Establecer tres declaracións patrimoniais (ao comezo, final e durante o período de carencia) co fin de detectar casos de enriquecemento ilícito cando non se poda xustificar o incremento patrimonial.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Vicevoceira do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 21/02/2019 18:17:47**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:23:48
Nº Rexistro: 46672
Data envio: 21/02/2019 18:23:48.421

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea,** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A intervención terapéutica en menores é unha medida recollida na Lei Orgánica de Responsabilidade Penal das Persoas Menores.

Dita medida recóllese no Preámbulo da mesma naqueles casos nos que as menores por razóns aditivas (alcol, drogas) ou disfuncións significativas na psique, precisan dun contexto estruturado no que realizar unha programación terapéutica. Nin se dan as condicións idóneas na persoa menor nin no entorno para o tratamento ambulatorio e tampouco se dan aquelas condutas de risco que esixe  a aplicación do internamento en réxime pechado.

No artigo 7.1.d, dentro das medidas que se poden impor ás persoas menores e a súa determinación recóllese a intervención terapéutica en réxime pechado, semiaberto ou aberto. Nos centros realizarase unha atención educativa especializada ou tratamento específico dirixido a persoas que padezan anomalías ou alteracións psíquicas, estados de dependencia de bebidas con alcol, drogas, alteracións na percepción con resultado de alteración grave da conciencia da realidade.

É unha medida que pode aplicarse soa ou como complemento doutra medida. Se a persoa menor rexeita o tratamento de desintoxicación darase conta ao xulgado para que se aplique outra medida axeitada ás súas circunstancias.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A competencia administrativa para executar a medida adoptada polo xulgado nun procedemento de responsabilidade penal da LORPPM, na sentencia firme ou de xeito provisional é competencia das CCAA, a través das propias entidades públicas ou mediante a celebración de acordos de colaboración con entidades públicas ou privadas estatais, locais ou doutras CCAA ou ben privadas sen ánimo de lucro, baixo supervisión directa.

Neste contexto, desenvólvese a execución da responsabilidade penal dos menores en Galicia baixo a modalidade de intervención terapéutica.

Na provincia de Ourense, a xestión do servizo de intervención terapéutica con menores realízase no centro de Monteledo, que conta con 37 prazas de internamento, dos que 12 corresponden a unidade de atención específica para o cumprimento das medidas de internamento terapéutico en réxime aberto, semiaberto e pechado, e que en ausencias destas medidas destínase a cumprimento de medidas de internamento aberto, semiaberto ou pechado; e o de centro Montefiz, con 23 prazas de internamento terapéutico, e o centro Montealegre, que funciona desde xullo do ano 2018 aproximadamente. Todos eles conforman e forman parte do mesmo complexo: O COMPLEXO MONTEALEGRE.

Con data de 28 de decembro de 2018 convocouse o procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a atención residencial e intervención educativa integral e terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais saíu a concurso, presentando numerosas eivas.

A Circular 3/2013, da Fiscalía Xeral do Estado, sobre criterios de aplicación das medidas de internamento terapéutico no sistema de xustiza xuvenil establece que “para que poida cumprirse unha medida de internamento terapéutico nun centro de internamento ordinario, este contará polo menos cunha Unidade Terapéutica Autónoma.”

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:23:48
Nº Rexistro: 46672
Data envio: 21/02/2019 18:23:48.421

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

No centro Monteledo internáronse desde o ano 2015 menores en réxime terapéutico mesturados con menores de réxime aberto, semiaberto e pechado, ante a falla de prazas suficientes no centro de atención específica Montefiz. Mestura en todas as actividades e espazos. Só dende mediados de 2018, ante as queixas do comité de empresa do centro, pasaron a pernoctar nun fogar concreto, manténdose a mestura durante todo o horario diúrno do centro.

Así entre outras as principais preocupacións do persoal educador son:

- A falta de realización das actividades fóra do centro dos menores que están en réxime aberto e semiaberto.

- A non cobertura das vacacións do cadro de persoal para atender as necesidades reais dos menores, e os seus itinerarios específicos.
- A dificultade de atender coa calidade debida a grupos de menores con especificidades tan dispares, medidas de terapéutico con menores de aberto, semiaberto e réximes pechados.
- Vulneracións da lei, a través dos traslados de menores en vehículos co anagrama da fundación co que se vulnera o dereito á intimidade da persoa menor e o dereito a non ser identificado como persoa suxeita a medidas previstas na LORPM.

O deber de confidencialidade é uns dos principios que impregna toda a LORPPM posto que se esixe no artigo 35 a non publicidade da audiencia e o deber de confidencialidade é esixible a todas as persoas e funcionariado que participen do coñecemento do expediente de reforma.

Segundo normativa anterior, as baixas do persoal laboral de máis de 10 días de duración, así como nos períodos regulamentarios vacacionais tiñan que ser substituídos por persoal contratado para estes efectos, garantindo en todo momento a axeitada cobertura do servizo.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ante a presión dos delegados sindicais que esixiron a cobertura das vacacións, estas cubríronse. "A cobertura, en todo momento, dos postos de traballo e das correspondentes funcións. En consecuencia, a entidade efectuará ao seu cargo e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teña asignado á actividade sexa cal for a súa causa, de forma que a execución das medidas xudiciais quede sempre asegurada. As variacións que se produzan no cadro de persoal serán inmediatamente comunicadas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para a súa autorización, acompañando a documentación acreditativa da titulación e do currículo profesional."

Sen embargo, a Fundación Diagrama non contratou a ninguén para cubrir as vacacións. Consultada a administración autonómica sobre estes extremos contestou afirmativamente á  obriga de cubrir as vacacións. Inda que estas vacacións  seguiron sen realizarse durante as vacacións do ano pasado.

Así non se produce  a intervención educativa integral, residencial e terapéutica cos menores, ao non substituír as  educadoras nos seus períodos vacacionais e a metodoloxía de individualización dos menores fai que se incumpran os rateos establecidos legalmente cunha ocupación total das prazas, e que ademais se teñen que encargar de servicios que non se corresponden coas súas funcións de educadores, e do resto do equipo clínico que atende as persoas menores que aseguren unha intervención intensiva, individual, e de calidade. Compre garantir que se substitúa o persoal educativo, o persoal técnico -traballadoras sociais e psicólogas- e o persoal de servicios, nomeadamente nos períodos de incapacidade temporal así como nos períodos vacacionais.

Porén estes aumentos de persoal, serán correlativos coa función que realizan os mesmos e baixo unhas condicións laborais que non supoñan a mingua dos seus dereitos laborais en atención a función educativa integral, resocializadora e de execución das medidas impostas en sentencia xudicial sobre todo en garantía do principio de interese superior do menor.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Desde logo, o internamento no centro de Monteledo de toda a poboación de persoas menores que o centro de intervención específica de Montefiz non podía absorber, non pode nin debe implicar unha mingua nos seus dereitos. Non é de recibo que unha persoa menor á que se le impón o cumprimento dunha medida de estrita intervención terapéutica estea na mesma unidade que unha persoa cunha medida de privación de liberdade nun centro pechado. Os obxectivos non son os mesmos nin as dificultades de que xeran a nivel de intervención son numerosas e difíciles de comprender para as persoas usuarias, e tampouco poden contar coas mesmas sancións.

Por outra banda é necesario saber ou dilucidar como se licita un concurso estando un vixente, nesta mesma materia, posto que se convocou mediante resolución de 28 de decembro de 2018 o procedemento para a selección de entidade privada sen ánimo de lucro, a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica con estas persoas menores que teñen que cumprir medidas xudiciais de privación de liberdade.

Asemade, hai que vixiar a calidade das entidades na prestación deste servizo no centro de Monteledo, no que as persoas chegaron a pasar fame. O consumo de pataca por exemplo, pasou de ser 200 quilos á semana a 25 quilos á semana o cal deu lugar a un expediente da fiscalía, e o consecuente restablecemento da cantidade de comida que se suprimira. Houbo queixas polo tratamento aos menores pola comida, que non chegaron á fiscalía, tanto pola calidade, como pola cantidade, posto que os menús tamén teñen que ir acompasados ao lugar onde se vive, sendo inaxeitado que se dea un menú de pasta fresca o dia de nadal a 3º centígrados, e onde se substitúe o aceite de oliva por maionesa, nun exceso de racionalización dos recursos públicos e optimización dos mesmos, a costa da saúde dos menores, ademais de que calquera cambio desta entidade no menú se ten que comunicar a Xunta e á Consellería competente.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O número de baixas neste centro aumentou ostensiblemente, por mor da carga de traballo que soportan o persoal traballador. Así nin tan sequera cumpren a ratio de servicios mínimos que se establece para folgas, que sinala que ten que haber 8 traballadores, cando en realidade son 7 os que se reparten o traballo. Hai 4 educadores para 16 persoas.

A estratexia das entidades é clara: aburrir ao persoal, para que marche e contratar a outras persoas.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1.- Fiscalizar as entidades que xestionan centros de menores e a labor de execución que realizan das medidas impostas pola autoridade xudicial.

2.- Establecer protocolos de denuncia directos, que permitan ás persoas menores realizar denuncias e queixas a fiscalía sen que as fiscalice o centro.

3.- Incrementar as visitas da Inspección de Traballo, para que se cumpran as rateos que establecen os pregos de condicións que as entidades aceptan, sobre todo no eido de IT, prevención de riscos laborais, e substitucións coa mesma carga horaria e as mesmas condicións laborais que a persoa substituída.

4.- Revisar o cumprimento exhaustivo das condicións que dan lugar a concesión da licitación a unha entidade, para que prevaleza o de intervención educativa integral de calidade nas persoas menores.

5.- Adaptar os menús a estación do ano, así como as visitas sorpresa para ver se se cumpren os estándares mínimos de calidade e cantidade nas comidas nos centros.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:23:48
Nº Rexistro: 46672
Data envio: 21/02/2019 18:23:48.421

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 21/02/2019 18:13:49**

**Luis Villares Naveira na data 21/02/2019 18:13:58**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:29:11
Nº Rexistro: 46676
Data envio: 21/02/2019 18:29:11.096

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á situación no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Traballadores e traballadoras das ambulancias levan meses demandando un convenio digno no sector. Están en folga que terá carácter indefinido a partir de marzo se non se acada un acordo.

Chegan a esta situación tras a patronal rachar definitivamente a mesa de negociacións ao propor unha redución dun 10% do convenio, coa posibilidade mesmo de impagos a partir do mes de marzo.

Esa rebaixa, concrétase nunha redución do 6-7% dos salarios xunto coa retirada dos complementos por IT; a redución dos días de asuntos propios; a creación de tres escalas salariais, á baixa; e mesmo recortar en lavado de roupa e uniformes, que completaría o 10%.

Fronte ás pretensións patronais, a representación social reclama que o novo convenio contemple melloras laborais e incrementos salariais que permitan recuperar o poder adquisitivo perdido dende 2015, a redución do número de horas, que se ampliaron



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nestes últimos anos ao medrar nun 20% o número de servizos realizados sen incrementar o persoal; e melloras en materia de prevención de riscos e saúde laboral.

Mentres a media de baixas en Galiza é dun 5%, neste sector, malia a media de idade estar nos 40 anos, a media de baixas, na inmensa maioría por problemas músculo-esqueléticos, sitúase no 13%.

Limitar o abuso da contratación en prácticas, posto que as empresas están completando os seus cadros de persoal mediante esta fórmula, por ser máis barata, xa que durante o primeiro ano as/os traballadores/as cobran o 60% do salario base e no segundo o 70%.

O convenio do transporte sanitario de Galiza vénse negociando dende hai tres anos pero a patronal non avanzou ningunha proposta asumíbel, limitándose a formular recortes e ameazar con descolgues.

Diante deste bloqueo continuado faise precisa a intervención da Xunta no conflito, xa que é a principal causante da precarización das condicións laborais no sector e do desmantelamento do servizo público, por sacar os contratos a concurso por debaixo do seu custo e aceptar as propostas con baixa temeraria presentadas polas empresas para competir entre elas, sabendo que isto provocaría rebaixas nos salarios das traballadoras e traballadores.

A Consellaría de Sanidade, o Sergas, o 061, nin sequera están obrigando as empresas a cumprir co recollido nos contratos, de maneira que o servizo se presta con menos persoal e vehículos dos establecidos nos pregos e, en moitos casos, as ambulancias atópanse en condicións nefastas, non teñen a dotación necesaria e as empresas tampouco fan a hixienización dos vehículos e dos uniformes obrigados por lei.



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:29:11
Nº Rexistro: 46676
Data envio: 21/02/2019 18:29:11.096

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta é coñecedora destes incumprimentos dende hai anos, mais inhíbese das súas responsabilidades tanto cos traballadores/as como coa cidadanía.

Ao igual que no resto da sanidade se neste momento o transporte sanitario continúa en funcionamento e os usuarios e usuarias non perciben con maior intensidade este deterioro non é pola estrutura deseñada pola Xunta de Galiza, senón pola profesionalidade dos traballadores e das traballadoras.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Levar a cabo unha función de mediación entre as empresas adxudicatarias do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as para asinar un convenio paralizado hai máis de tres anos, que garanta os dereitos laborais d@s traballadores/as que prestan servizo para as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre.

Exercer a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos.

Que no novo concurso, para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre, que o 061 está iniciando, se contemplen perfectamente dimensionados tanto as necesidades de vehículos como de persoal, e polo tanto ampliados con respecto aos actuais, para evitar a situación presente de insuficiencia manifesta de ambos, e rectifique a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial.



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iniciar todas as accións precisas para proceder ao rescate progresivo da externalización do transporte sanitario terrestre, e pasar a prestar o servizo de xeito directo pola Xunta."

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 18:21:56**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 18:22:01**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 18:22:02**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:29:11
Nº Rexistro: 46676
Data envio: 21/02/2019 18:29:11.096

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 18:22:04**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 18:22:05**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 18:22:06**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
18 FEB. 2019
Núm. 46418

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
18 FEB. 2019
SAÍDA
Num. 29

En cumprimento do establecido no artigo 11 do Decreto 133/2002, do 11 de abril, polo que se regula a concesión de préstamos polo IGAPE, e no artigo 13 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do IGAPE, achégolle a información sobre a situación das operacións de crédito e préstamo e, a información sobre os avais vixentes *a 31 de decembro de 2018.*

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

( ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Cargo: Directora xeral
Data e hora: 15/02/2019 13:27:23
ÁNS ALVAREZ, BLANCA

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA igape

31/12/2018

**AVAIS CONCEDIDOS E RISCOS VIXENTES**

| Expediente | Razón social | Data concesión | Aval concedido | Risco vivo actual |
|---|---|---|---|---|
| AV/0196 | VIRIATO,S.A. | 29/10/2004 | 3.012.247,00 | 347.325,55 |
| AV/0200 | RECREATIVOS PRESAS, S. L. | 23/12/2004 | 857.038,99 | 100.372,53 |
| AV/0217 | NAVIERA DE GALICIA, S.A. | 26/05/2005 | 2.327.500,00 | 957.371,41 |
| AV/0230 | VOLVORETA, S.A. | 02/03/2006 | 430.000,00 | 147.394,18 |
| AV/0234 | S.A.EDUARDO VIEIRA | 27/07/2006 | 4.200.000,00 | 2.636.980,32 |
| AV/0265 | GRUPO TAMEGA, S.L | 08/02/2008 | 2.240.000,00 | 1.799.737,15 |
| AV/0283 | ISIDRO DE LA CAL FRESCO, S.L. | 28/07/2008 | 3.150.000,00 | 3.008.674,27 |
| AV/0277 | MATERIALES CERAMICOS, S.L. | 28/07/2008 | 1.750.000,00 | 1.312.500,00 |
| AV/0310 | CONSERVAS Y ELABORADOS GUAU, S.A. | 28/11/2008 | 700.000,00 | 572.663,39 |
| AV/0311 | GRAFICAS DEL NOROESTE, S.A. | 28/11/2008 | 700.000,00 | 465.431,24 |
| AV/0313 | INDUSTRIAS PIZARRERAS GARCIA AGUADO, S.L | 19/12/2008 | 1.470.000,00 | 1.260.000,00 |
| AV/0335-2 | PUERTO DE CELEIRO,SA | 02/02/2009 | 2.400.000,00 | 1.790.680,58 |
| AV/0335-3 | PUERTO DE CELEIRO,SA | 02/02/2009 | 3.600.000,00 | 2.250.000,00 |
| AV/0327 | MADERAS IGLESIAS, S.A. | 02/02/2009 | 5.200.000,00 | 2.094.034,33 |
| AV/0329 | PROMOTORA INDUSTRIAL SADENSE,SA | 02/02/2009 | 2.450.000,00 | 1.724.050,15 |
| AV/0333 | INDUSTRIAS PESADAS DE GALICIA, S.L | 02/02/2009 | 2.000.000,00 | 528.049,00 |
| AV/0328 | CUIÑA, S.A. | 23/02/2009 | 1.512.000,00 | 1.446.089,66 |
| AV/0323 | FOMENTO DE ARIDOS Y OBRAS, S.L. | 23/02/2009 | 3.080.000,00 | 1.212.147,93 |
| AV/0350 | XUNTOIRA MOBILIARIO DE COCIÑA, S.L. | 23/02/2009 | 563.062,50 | 546.886,35 |
| AV/0359-1 | ISIDRO DE LA CAL FRESCO, S.L. | 23/03/2009 | 7.061.300,00 | 5.322.099,36 |
| AV/0359-2 | ISIDRO DE LA CAL FRESCO, S.L. | 23/03/2009 | 4.438.700,00 | 4.400.789,21 |
| AV/0357-6 | INVERSIONES E INFRAESTRUCTURAS ATLANTE, | 23/03/2009 | 1.250.000,00 | 1.250.000,00 |
| AV/0341 | LUMAR NATURAL SEAFOOD. S.A | 02/06/2009 | 1.750.000,00 | 1.232.927,81 |
| AV/0378 | MECANIZADOS RODRIGUEZ FERNANDEZ, S.L. | 02/06/2009 | 3.000.000,02 | 2.142.297,34 |
| AV/0367 | EMBUTIDOS CASTRO BELLO, S.L. | 15/07/2009 | 560.000,00 | 560.000,00 |
| AV/0385 | PORTICO,S.A. | 15/07/2009 | 5.000.000,00 | 4.639.932,31 |
| AV/0381 | CONSERVAS SELECTAS MAR DE COUSO, S.A. | 20/10/2009 | 2.775.000,00 | 204.415,43 |
| AV/0374-2 | SUMTEC, S.L. | 16/11/2009 | 220.000,00 | 164.827,82 |
| AV/0394-2 | BRAURON, S.L. | 16/11/2009 | 301.938,27 | 293.454,93 |
| AV/0374-1 | SUMTEC, S.L. | 16/11/2009 | 1.250.000,00 | 1.250.000,00 |
| AV/0377 | BODEAL, S.L. | 16/11/2009 | 780.000,00 | 771.431,86 |
| AV/0511 | COMERCIAL ANDURIÑA, S.A. | 19/04/2010 | 360.000,00 | 360.000,00 |
| AV/0600 | AGRICOLA TOMIÑESA, S.L. | 20/04/2010 | 875.000,00 | 673.936,37 |
| AV/0589 | COMERCIALIZACIÓN DE CARNE GALLEGA, S.L. | 20/04/2010 | 200.000,00 | 193.741,04 |
| AV/0601-2 | AGRICOLA TOMIÑESA, S.L. | 20/04/2010 | 584.500,00 | 578.607,83 |
| AV/0597 | DYGRA FILMS, S.L. | 20/04/2010 | 1.500.000,00 | 1.445.716,92 |
| AV/0573 | ASESORÍA TÉCNICO SANITARIA ATESA, S.L. | 12/05/2010 | 120.000,00 | 120.000,00 |
| AV/0608-2 | ALIMENTOS LACTEOS, S.A. | 01/06/2010 | 320.000,00 | 308.716,45 |
| AV/0608-1 | ALIMENTOS LACTEOS, S.A. | 01/06/2010 | 320.000,00 | 320.000,00 |
| AV/0608-3 | ALIMENTOS LACTEOS, S.A. | 01/06/2010 | 320.000,00 | 320.000,00 |
| AV/0607-6 | SAN MARTIN,S.A. | 01/06/2010 | 150.000,00 | 148.500,00 |
| AV/0608-5 | ALIMENTOS LACTEOS, S.A. | 01/06/2010 | 320.000,00 | 252.008,35 |
| AV/0607-8 | SAN MARTIN,S.A. | 01/06/2010 | 157.500,00 | 157.500,00 |
| AV/0607-1 | SAN MARTIN,S.A. | 01/06/2010 | 180.000,00 | 168.111,41 |
| AV/0607-5 | SAN MARTIN,S.A. | 01/06/2010 | 390.000,00 | 92.828,94 |

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## AVAIS CONCEDIDOS E RISCOS VIXENTES

| Expediente | Razón social | Data concesión | Aval concedido | Risco vivo actual |
|---|---|---|---|---|
| AV/0612 | DYGRA FILMS, S.L. | 01/06/2010 | 2.450.000,00 | 2.356.784,12 |
| AV/0607-4 | SAN MARTIN,S.A. | 01/06/2010 | 600.000,00 | 419.997,35 |
| AV/0607-3 | SAN MARTIN,S.A. | 01/06/2010 | 240.000,00 | 240.000,00 |
| AV/0607-2 | SAN MARTIN,S.A. | 01/06/2010 | 180.000,00 | 180.000,00 |
| AV/0621 | FISTERRA T.I.G., S.L. | 28/06/2010 | 600.000,00 | 567.229,38 |
| AV/0598 | VIDRIO ORENSE,S.L. | 28/09/2010 | 420.000,00 | 420.000,00 |
| AV/0693 | CARMOBLE,S.A. | 15/11/2010 | 600.000,00 | 600.000,00 |
| AV/0702 | CONSTRUCCIONES MON, S.L. | 02/12/2010 | 500.000,00 | 500.000,00 |
| AV/0692 | SAN MARTIN,S.A. | 20/12/2010 | 160.000,00 | 160.000,00 |
| AV/0770-2 | EURO ROCA, S.L. | 05/12/2011 | 150.000,00 | 87.859,33 |
| AV/0795 | FUNDICIONES PARDO, S.L. | 20/02/2012 | 50.000,00 | 20.997,94 |
| AV/0835-2 | AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L. | 08/10/2012 | 500.000,00 | 60.238,08 |
| AV/0835-6 | AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L. | 08/10/2012 | 250.000,00 | 229.166,67 |
| AV/0835-1 | AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L. | 08/10/2012 | 500.000,00 | 90.277,75 |
| AV/0835-5 | AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L. | 08/10/2012 | 250.000,00 | 134.195,30 |
| AV/0835-4 | AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L. | 08/10/2012 | 500.000,00 | 91.565,45 |
| AV/0835-3 | AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L. | 08/10/2012 | 500.000,00 | 104.166,68 |
| AV/0865 | THINK FIRST, S.L. | 30/04/2013 | 1.200.000,00 | 1.200.000,00 |
| AV/0880 | ASOCIACIÓN ASPANAS | 20/11/2015 | 566.250,00 | 492.645,88 |
| AV/0882-2 | ISIDRO 1952, S.L. | 28/07/2016 | 3.627.841,54 | 0,00 (**) |
| AV/0882-1 | ISIDRO 1952, S.L. | 28/07/2016 | 9.103.721,25 | 0,00 (**) |
| AV/0885 | IRIS SOC. COOP. GALLEGA DE TRABAJO ASOCIA | 31/01/2017 | 1.315.470,00 | 1.315.470,00 |
| AV/0887 | MECANIZADOS RODRIGUEZ FERNANDEZ, S.L. | 27/06/2018 | 2.124.255,69 | 0,00 (*) |
| AV/0889 | GRUPO INGEMAR, S.L. | 05/12/2018 | 750.000,00 | 0,00 (*) |

(*) Avais pendentes de formalizar.
(**) Avais pendentes de efectividade.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA igape

**INFORMACIÓN PRÉSTAMOS VIVOS** 31/12/2018

| Expediente | Titular | Concesión | Préstamo vivo |
|---|---|---|---|
| IN14.2002.1.7 | DYGRA FILMS, S.L. | 26/11/2003 | 467.931,73 |
| IN14.2002.1.15 | FILMAX ANIMATION, S.L. | 27/05/2004 | 729.557,06 |
| IN14.2002.1.18 | IGNACIO BENEDETI CINEMA, S.L. | 26/05/2005 | 450.000,00 |
| IN14.2002.1.19 | FILMAX ANIMATION, S.L. | 26/05/2005 | 372.453,68 |
| IN14.2002.1.21 | DYGRA FILMS, S.L. | 27/04/2006 | 206.820,55 |
| IN14.2002.1.24 | DEBOURA DESEÑOS ANIMADOS, S.L.N.E. | 01/06/2007 | 500.000,00 |
| AF025.2005.1.2 | SISTEMAS EXITT, S.L. | 06/09/2004 | 660.000,00 |
| AF026.2005.1.2 | CENBIMO, S.L. | 29/03/2007 | 245.456,00 |
| AF021.2003.1.4 | KIRIKO NATURA, S.A. | 26/11/2003 | 16.890,56 |
| AF021.2003.1.6 | EDICIONES DEL VIENTO, S.L. | 26/11/2003 | 4.670,00 |
| AF021.2003.1.11 | INTEMAGA, S.L. | 29/07/2004 | 20.527,64 |
| AF021.2003.1.14 | WENGE FINISTERRAE, S.L.U. | 23/12/2004 | 94.895,97 |
| AF021.2003.1.18 | ENCENA PRODUCCIONES ARTÍSTICAS, S.L. | 28/03/2005 | 91.000,00 |
| AF021.2003.1.16 | CREAREA PRODUCCIONES, S.L. | 26/05/2005 | 38.000,00 |
| AF021.2003.1.28 | LUCENSE DE BARNIZADOS Y ACABADOS, S.L. | 27/07/2006 | 330.000,00 |
| IG142.2007.1.1 | CALIZAS MARINAS, S.A. | 26/12/2007 | 410.000,00 |
| IG142.2007.1.12 | T-SOLAR GLOBAL, S.A. | 30/05/2008 | 3.000.000,00 |
| IG142.2007.1.13 | INDUSTRIAS PESADAS DE GALICIA, S.L | 30/05/2008 | 3.000.000,00 |
| IG142.2007.1.10 | MUEBLES HERMIDA I ,S.A. | 30/05/2008 | 4.575.238,00 |
| IG142.2007.1.4 | INNAVES, S.A. | 16/06/2008 | 198.784,00 |
| IG142.2007.1.6 | SOC. COOP. G. ORETA XIDA | 16/06/2008 | 209.767,28 |
| IG142.2007.1.9 | VIMBIO FILMES, SLU | 16/06/2008 | 441.419,06 |
| IG142.2007.1.18 | ECOCELTA GALICIA, S.L.N.E. | 27/06/2008 | 346.874,00 |
| IG142.2007.1.3 | CENTRO DE PRODUCCIÓN VICAR,,SL | 06/11/2008 | 142.728,00 |
| IG142.2007.1.7 | MODESTO CARRODEGUAS, S.L. | 07/11/2008 | 358.286,00 |
| IG142.2007.1.19 | FORJAS DE SANTIAGO, S.L. | 07/11/2008 | 400.000,00 |
| IG142.2007.1.15 | APLICACIONES METALURGICAS GOMEZ, S.L. | 07/11/2008 | 944.300,57 |
| IG142.2007.1.34 | FILMAX ANIMATION, S.L. | 28/11/2008 | 1.980.023,17 |
| IG142.2007.1.26 | GRAFICAS DEL NOROESTE, S.A. | 10/12/2008 | 575.000,00 |
| IG142.2007.1.33 | SEMCOR 3000, S.L. | 12/02/2009 | 363.637,00 |
| IG142.2007.1.40 | ACEBRÓN CALDERERÍA, S.L. | 03/04/2009 | 248.958,32 |
| IG142.2007.1.39 | OCV, S.L. | 21/04/2009 | 117.613,92 |
| IG142.2007.1.46 | ARTEFACTO PRODUCCIONES AUDIOVISUALES, S.L.N.E. | 21/04/2009 | 400.000,00 |
| IG142.2007.1.56 | REAL CONSERVERA ESPAÑOLA, S.L. | 02/06/2009 | 2.927.008,61 |
| IG142.2007.1.50 | PAQUITO,S.L. | 02/06/2009 | 3.184.252,22 |
| IG142.2009.1.12 | ABCR LABORATORIOS, S.L. | 02/06/2009 | 3.945.138,59 |
| IG142.2007.1.47 | ONIX VIGO, S.L. | 02/06/2009 | 7.455.000,00 |
| IG142.2009.1.4 | RODAINDUSTRIA IBERICA, S.A. | 15/07/2009 | 436.761,51 |
| IG142.2007.1.43 | MAIMBAR XXI, S.L. | 15/07/2009 | 800.000,00 |
| IG142.2009.1.11 | GALLEGA DE SUMINISTROS INDUSTRIALES 2020, S.L. | 28/07/2009 | 153.301,00 |
| IG142.2009.1.28 | SOC. COOP. G. ORETA XIDA | 28/07/2009 | 157.162,00 |
| IG142.2009.1.27 | CONSERVAS Y ELABORADOS GUAU, S.A. | 28/07/2009 | 250.000,00 |
| IG142.2009.1.24 | CONSTRUCCIONES TECNICAS DE RADIOTERAPIA, S.L. | 28/07/2009 | 723.668,00 |
| IG142.2009.1.18 | DAYFER, S.L. | 28/07/2009 | 1.400.000,00 |
| IG142.2007.1.57 | GREYMUCESA, S.L. | 20/10/2009 | 375.000,00 |
| IG142.2009.1.20 | CANTERAS DE VILANOVA, S.L. | 20/10/2009 | 1.000.000,00 |
| IG142.2009.1.59 | DYGRA FILMS, S.L. | 20/10/2009 | 3.100.000,00 |
| IG142.2009.1.64 | ALVAHER 98, S.L. | 20/10/2009 | 3.312.000,00 |
| IG142.2007.1.55 | ATESVI, S.L. | 23/12/2009 | 688.808,46 |
| IG142.2009.1.86 | COMPOST GALICIA, S.A. | 27/01/2010 | 190.490,53 |
| IG142.2009.1.85 | LUIS RODRIGUEZ AMADO, S.A. | 27/01/2010 | 350.000,00 |
| IG142.2009.1.15 | TANEMEX, S.L. | 27/01/2010 | 853.920,33 |
| IG142.2009.1.54 | PUERTO VIEIRA, S.L.U. | 27/01/2010 | 1.547.806,61 |
| IG142.2009.1.36 | CARRIS HOTELES, S.L | 01/03/2010 | 2.500.000,00 |
| IG142.2009.1.50 | CALDERERIA Y ESTRUCTURAS DEL NOROESTE, S.L. | 20/04/2010 | 55.264,00 |
| IG142.2009.1.72 | BLUEMOBILITY SYSTEMS, S.L. | 20/04/2010 | 500.000,00 |
| IG142.2009.1.104 | TOURS RIAS BAIXAS, S.L. | 01/06/2010 | 541.407,29 |
| IG142.2009.1.45 | SENANDE, S.L. | 29/06/2010 | 23.638,00 |

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA igape

## INFORMACIÓN PRÉSTAMOS VIVOS

31/12/2018

| Expediente | Titular | Concesión | Préstamo vivo |
|---|---|---|---|
| IG142.2009.1.8 | POUSADA O ALMACEN, S.L. | 29/06/2010 | 268.862,00 |
| IG142.2009.1.84 | MIFIBRA, S.L. | 29/06/2010 | 1.200.000,00 |
| IG142.2009.1.83 | MATERIALES CERAMICOS, S.L. | 29/06/2010 | 4.000.000,00 |
| IG142.2009.1.125 | COCEDERO BARRAÑAMAR,S.L. | 05/08/2010 | 146.733,00 |
| IG142.2009.1.67 | COMERCIAL XOIVAN, S.L. | 05/08/2010 | 306.000,00 |
| IG142.2009.1.68 | BIOMASA FORESTAL S.L. | 05/08/2010 | 327.282,00 |
| IG142.2009.1.121 | GRANJA CAMPOMAYOR,S.L. | 05/08/2010 | 791.761,00 |
| IG142.2009.1.62 | RECOGE GALICIA DE GESTION, S.L. | 05/08/2010 | 964.827,05 |
| IG142.2009.1.51 | GALICIAN MARINE AQUACULTURE, S.L. | 05/08/2010 | 2.000.000,00 |
| IG142.2009.1.74 | ABEIRO GOLD, S.L. | 05/08/2010 | 4.400.000,00 |
| IG142.2009.1.92 | EXCAVACIONES ROBERTO, S.L. | 15/11/2010 | 144.965,94 |
| IG142.2009.1.141 | ALONARTI ENVASES, S.A. | 15/11/2010 | 857.144,00 |
| IG142.2009.1.145 | LABORATORIOS ASOCIADOS NUPEL, S.L. | 30/12/2010 | 2.956.919,00 |
| IG142.2009.1.113 | CLUB DE CAMPO LAS BRIDAS, S.L. | 10/02/2011 | 126.958,56 |
| IG142.2009.1.110 | HIDROSCIVIL, S.L. | 10/02/2011 | 241.411,85 |
| IG142.2009.1.182 | CODEOR, S.L. | 01/04/2011 | 749.420,00 |
| IG142.2009.1.112 | SOLUCIONES POLIGRAFICAS, S.L. | 01/04/2011 | 6.000.000,00 |
| IG142.2009.1.152 | LIMPIEZAS SAN FROILÁN, S.L. | 12/05/2011 | 102.024,16 |
| IG142.2009.1.148 | SEVEN STARS SPAIN, S.L.(CONSERVAS Y CONGELADOS IGLESIASMAR, S.L.) | 12/05/2011 | 145.459,00 |
| IG142.2009.1.133 | PORTO PANADEROS, S.L. | 12/05/2011 | 186.230,33 |
| IG142.2011.1.12 | ASISTENCIA INTEGRAL PERSONALIZADA, S.L. | 30/06/2011 | 2.115.702,00 |
| IG205.2014.1.8 | SANCUS ALEACIONES, S.L. | 06/11/2014 | 107.491,65 |
| IG205.2014.1.15 | V3 DENTAL VILANOVA, S.L. | 18/12/2014 | 95.649,34 |
| IG205.2014.1.6 | PEKEXOGO ANIMACION E OCIO, SL | 18/12/2014 | 116.764,13 |
| IG205.2014.1.18 | OBRADOR TRADICIONAL, S.L. | 05/03/2015 | 40.760,71 |
| IG205.2014.1.20 | XIGOMIVISA, S.L.U. | 05/03/2015 | 131.279,12 |
| IG205.2014.1.30 | GLOBAL GEOSYSTEMS, S.L. | 05/03/2015 | 139.994,52 |
| IG205.2014.1.24 | VOXQUIMIA, S.L. | 05/03/2015 | 223.673,71 |
| IG205.2014.1.11 | GRAFICAS LASA, S.L. | 05/03/2015 | 388.379,48 |
| IG205.2014.1.29 | FRIOFER,S.A.L. | 10/04/2015 | 64.922,37 |
| IG205.2014.1.34 | EVOLVENTIA, S.L. | 10/04/2015 | 349.591,00 |
| IG205.2014.1.32 | INTAF PROMECAN, S.L.U. | 10/04/2015 | 535.863,98 |
| IG205.2014.1.26 | CONFORTEC CENTRO DE FORMACION SL | 28/05/2015 | 56.973,25 |
| IG205.2014.1.46 | SANCUS ALEACIONES, S.L. | 28/05/2015 | 93.779,27 |
| IG205.2014.1.39 | MAQUINARIA AGRICOLA CANCELA, S.L. | 28/05/2015 | 122.395,68 |
| IG205.2014.1.14 | HERMANOS GARCIA ROCHA, S.L. | 28/05/2015 | 227.417,54 |
| IG205.2014.1.43 | MADERAS DEL NOROESTE,S.A. | 28/05/2015 | 544.203,84 |
| IG205.2014.1.58 | VACAS GONZÁLEZ, EMMA | 30/06/2015 | 63.887,43 |
| IG205.2014.1.42 | AGUAS DO PARAÑO, S.L. | 30/06/2015 | 77.138,21 |
| IG205.2014.1.44 | JARDANAY, S.L. | 30/06/2015 | 182.586,84 |
| IG205.2014.1.75 | HIDROFERSA FÁBRICA DE CHAVÍN, S.L. | 30/06/2015 | 336.881,07 |
| IG205.2014.1.56 | INTERNACO, S.A. | 30/07/2015 | 380.870,50 |
| IG205.2014.1.71 | PALETS JOAQUIN 2013, S.L. | 24/09/2015 | 331.060,34 |
| IG205.2014.1.78 | MARSAN TRANSFORMACIONES SUPERFICIALES, S.L. | 24/09/2015 | 389.901,37 |
| IG205.2014.1.80 | CARPINTERÍA METÁLICA ALUMAN, S.L. | 24/09/2015 | 506.420,32 |
| IG205.2014.1.87 | CLICTIC, S.L. | 16/12/2015 | 65.766,28 |
| IG205.2014.1.48 | I2C INSPECCIONES, S.L. | 16/12/2015 | 92.348,50 |
| IG142.2015.1.3 | CONFECCIONES GUERRAL SA | 16/12/2015 | 298.420,09 |
| IG205.2014.1.73 | MATERIALES DE CONSTRUCCION J.A. MARTINEZ, S.L. | 16/12/2015 | 425.569,21 |
| IG205.2014.1.128 | ANIBAL METALMECANICA GALLEGA, S.L. | 16/12/2015 | 550.534,87 |
| IG205.2014.1.99 | SUAREZ AGRASAR, PILAR | 01/02/2016 | 40.819,50 |
| IG205.2014.1.66 | CENTRO MAXILODENTAL VIGO, S.L. | 01/02/2016 | 93.722,09 |
| IG205.2014.1.74 | A PONTE PASAXE, SAL | 01/02/2016 | 206.342,23 |
| IG205.2014.1.84 | PLANEAMIENTO Y GESTION DE ENERGIAS RENOVABLES, S.L. | 01/02/2016 | 287.571,38 |
| IG205.2014.1.132 | MANUEL GARCIA FANTINI, S.L.U. | 01/02/2016 | 413.011,63 |
| IG205.2014.1.120 | SENIN REY, MARIA DEL CARMEN | 02/03/2016 | 60.015,02 |
| IG142.2015.1.10 | GREENALIA WOODCHIPS, S.L. | 02/03/2016 | 86.878,63 |
| IG205.2014.1.138 | GARCIA GONZALEZ, ANTIA | 02/03/2016 | 92.474,31 |

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA igape

## INFORMACIÓN PRÉSTAMOS VIVOS

31/12/2018

| Expediente | Titular | Concesión | Préstamo vivo |
|---|---|---|---|
| IG205.2014.1.94 | PILI CARRERA,SA | 02/03/2016 | 121.102,10 |
| IG205.2014.1.90 | INICIATIVAS TURÍSTICAS DE ONS, S.A. | 02/03/2016 | 163.882,75 |
| IG205.2014.1.85 | KAUMAN, S.A. | 02/03/2016 | 276.665,18 |
| IG205.2014.1.123 | GABADI, S.L. | 02/03/2016 | 508.362,59 |
| IG205.2014.1.141 | CARNICERIA Y CHARCUTERIA MARTIN, SL | 07/04/2016 | 48.431,90 |
| IG205.2014.1.149 | INSTITUTO DENTAL Y POSTURAL GARLA, S.L.P. | 07/04/2016 | 49.627,14 |
| IG205.2014.1.105 | GRUPO TECNOLOGICO ARBINOVA, S.L.U. | 07/04/2016 | 55.728,71 |
| IG205.2014.1.148 | APARTAMENTOS FANDIN, C.B. | 07/04/2016 | 59.539,25 |
| IG205.2014.1.162 | ELENA CASTEDO, S.L. | 07/04/2016 | 127.584,04 |
| IG205.2014.1.119 | SOGADER, S.L | 07/04/2016 | 134.176,29 |
| IG205.2014.1.137 | GENERACION PADEL,S.L. | 07/04/2016 | 142.531,30 |
| IG205.2014.1.166 | ELECTRÓNICA Y COMUNICACIONES NOROESTE, S.L. | 07/04/2016 | 151.289,19 |
| IG205.2014.1.126 | POREXGAL, S.L. | 07/04/2016 | 162.004,17 |
| IG205.2014.1.143 | INVERSIONES VIGO REAL, S.L. | 07/04/2016 | 397.695,04 |
| IG205.2014.1.100 | NORFRIO GRUPAJE INTERNACIONAL, S.L. | 07/04/2016 | 425.280,14 |
| IG205.2014.1.156 | PANADERIA CARNOEDO, S.L. | 28/04/2016 | 58.362,02 |
| IG205.2014.1.168 | EMETEL SISTEMAS, S.L. | 28/04/2016 | 123.908,06 |
| IG205.2014.1.160 | OUTROS ADAXES, S.L | 28/04/2016 | 175.769,78 |
| IG205.2014.1.142 | TROQUELES Y MOLDES DE GALICIA, S.A. | 28/04/2016 | 939.748,70 |
| IG205.2014.1.155 | DINAK, S.A. | 28/04/2016 | 1.404.420,41 |
| IG205.2014.1.196 | CELTCLINIC,S .L. | 01/06/2016 | 37.034,96 |
| IG205.2014.1.175 | CLÍNICA INFANS, S.L.P. | 01/06/2016 | 48.889,89 |
| IG205.2014.1.227 | PRECOALVI, S.L. | 01/06/2016 | 52.215,49 |
| IG205.2014.1.194 | TABERNA DO PEPIÑO, SL | 01/06/2016 | 61.289,94 |
| IG205.2014.1.172 | GESPROEUME, S.L. | 01/06/2016 | 62.992,01 |
| IG205.2014.1.174 | TUREMA GASTRO, S.L. | 01/06/2016 | 77.000,00 |
| IG205.2014.1.185 | ÁGATA TECHNOLOGY, S.L. | 01/06/2016 | 87.748,82 |
| IG205.2014.1.213 | TURBINAS Y COMPRESORES JETSXOEL | 01/06/2016 | 102.066,45 |
| IG205.2014.1.204 | AUTOCARES COTA,S.L. | 01/06/2016 | 105.879,10 |
| IG205.2014.1.173 | CADAVID DURAN, S.L. | 01/06/2016 | 113.195,73 |
| IG205.2014.1.198 | CONSTRUCCIONES METALICAS LUSOMAR, S.L. | 01/06/2016 | 138.551,19 |
| IG205.2014.1.193 | CANGAS DENTAL, S.L. | 01/06/2016 | 144.670,70 |
| IG205.2014.1.179 | XEFE DA BIRRA, S.L. | 01/06/2016 | 171.009,14 |
| IG205.2014.1.186 | GALICTIO, S.A. | 01/06/2016 | 268.659,55 |
| IG205.2014.1.211 | CAOLINES CERAMICOS, S.L. | 01/06/2016 | 290.487,09 |
| IG205.2014.1.176 | GARCÍA REBOREDO HERMANOS, S.L. | 01/06/2016 | 425.277,02 |
| IG205.2014.1.183 | LAG ESTEBAN PARRA, S.L. | 01/06/2016 | 425.277,02 |
| IG205.2014.1.192 | VINIGALICIA, S.L. | 01/06/2016 | 495.322,81 |
| IG205.2014.1.217 | GERCA ACERO Y METAL, S.L. | 01/06/2016 | 525.342,26 |
| IG205.2014.1.195 | NAVIERA ILLA DE ONS SL | 01/06/2016 | 812.777,29 |
| IG205.2014.1.189 | SOMOZAS VALORIZACIÓN DE LODOS - BIOGAS, S.L. | 01/06/2016 | 949.018,30 |
| IG142.2015.1.23 | VINIGALICIA, S.L. | 28/07/2016 | 270.000,00 |
| IG142.2015.1.27 | ACTIVIDADES EMPRESARIALES,S.A. | 28/07/2016 | 375.000,00 |
| IG142.2015.1.16 | MUEBLES HERMIDA I ,S.A. | 28/07/2016 | 406.250,00 |
| IG142.2015.1.28 | TORCULO COMUNICACION GRAFICA, S.A. | 27/10/2016 | 243.750,00 |
| IG142.2015.1.32 | ORBE, S.A. | 27/10/2016 | 325.000,00 |
| IG142.2015.1.13 | ELABORADOS METALICOS EMESA, S.L | 27/10/2016 | 468.732,84 |
| IG234.2016.1.33 | NO SOLO MADERA DR, SL | 11/11/2016 | 64.172,02 |
| IG234.2016.1.41 | COSTRA NOSTRA, S.L. | 11/11/2016 | 93.530,32 |
| IG234.2016.1.56 | LOPEZ CRESPO, CARLOS | 11/11/2016 | 105.406,41 |
| IG234.2016.1.3 | TALLERES MECANICOS GALICIA S.L. | 11/11/2016 | 123.881,06 |
| IG234.2016.1.7 | RIA DE LIRES, S.L. | 11/11/2016 | 126.338,45 |
| IG234.2016.1.19 | SOCIEDAD GALLEGA DE CARRETILLAS,S.A. | 11/11/2016 | 396.553,22 |
| IG234.2016.1.21 | BOMBEOS Y TRANSPORTES CARRAL, S.L. | 11/11/2016 | 450.291,94 |
| IG234.2016.1.64 | CASAS CUBE, S.L.U. | 11/11/2016 | 630.408,73 |
| IG234.2016.1.16 | HERNANDEZ VALLEJO, FRANCISCO JESUS | 22/11/2016 | 45.976,90 |
| IG234.2016.1.40 | CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S.L. | 22/11/2016 | 100.839,32 |
| IG234.2016.1.68 | TB SPAIN INJECTION, S.L. | 22/11/2016 | 111.953,62 |

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA igape

## INFORMACIÓN PRÉSTAMOS VIVOS

31/12/2018

| Expediente | Titular | Concesión | Préstamo vivo | |
|---|---|---|---|---|
| IG234.2016.1.38 | GOYCAR GALICIA, S.L. | 22/11/2016 | 458.034,19 | |
| IG234.2016.1.15 | AGROAMB PRODALT, S.L. | 22/11/2016 | 1.820.000,00 | |
| IG142.2015.1.43 | REDEGAL, S.L. | 31/01/2017 | 162.500,00 | |
| IG142.2015.1.37 | SINCRO MECÁNICA, S.L. | 31/01/2017 | 437.500,00 | |
| IG142.2015.1.51 | KEMEGAL QUÍMICOS, S.L. | 28/03/2017 | 156.647,04 | |
| IG142.2015.1.64 | DAIRYLAC, S.L. | 28/03/2017 | 500.000,00 | |
| IG142.2015.1.54 | INDUSTRIAS LOSAL,S.L. | 27/04/2017 | 103.355,84 | |
| IG142.2015.1.59 | BACALAOS ALIMAR, S.L. | 27/04/2017 | 258.125,00 | |
| IG142.2015.1.66 | CORRAL Y COUTO SL | 27/04/2017 | 370.000,00 | |
| IG142.2015.1.67 | CONFITERIA Y PANADERIA MOURE, S.L. | 01/06/2017 | 120.656,05 | |
| IG142.2015.1.36 | G.O.C., S.A. | 01/06/2017 | 348.313,00 | |
| IG142.2015.1.57 | GALICIA AUTO ESTAMPACION, S.A. | 01/06/2017 | 2.255.127,66 | |
| IG142.2015.1.69 | JOSÉ LUIS DOCAMPO, S.L. | 29/06/2017 | 346.380,94 | |
| IG142.2015.1.76 | PILI CARRERA, S.L. | 02/08/2017 | 500.000,00 | |
| IG246.2017.1.2 | TORUS SOFTWARE SOLUTIONS, S.L. | 27/12/2017 | 136.956,15 | |
| IG244.2017.1.1 | HIDROFERSA FÁBRICA DE CHAVÍN, S.L. | 27/12/2017 | 650.000,00 | |
| IG244.2017.1.3 | CRISTALERIA PONTEVEDRESA, S.L. | 25/01/2018 | 225.000,00 | |
| IG142.2015.1.88 | PROYFE, S.L. | 25/01/2018 | 375.455,38 | |
| IG246.2017.1.4 | REDEGAL, S.L. | 22/02/2018 | 307.409,39 | |
| IG142.2015.1.84 | CASAIS Y CIA,S.L. | 22/02/2018 | 963.000,00 | |
| IG243.2017.1.3 | AUTODEON, S.L.U. | 26/04/2018 | 150.000,00 | |
| IG244.2017.1.6 | PAPELERA DE BRANDIA, S.A. | 26/04/2018 | 487.500,00 | |
| IG244.2017.1.7 | CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S.L. | 29/05/2018 | 69.627,40 | |
| IG244.2017.1.8 | MAQUINARIA AGRICOLA CANCELA, S.L. | 29/05/2018 | 280.000,00 | |
| IG244.2017.1.4 | ANIBAL METALMECANICA GALLEGA, S.L. | 29/05/2018 | 528.102,00 | |
| IG246.2017.1.8 | AUDITORIA Y GESTIÓN DE CALIDAD, S.L. | 27/06/2018 | | (*) |
| IG246.2017.1.13 | HÉRCULES CONTROL, S.L. | 27/06/2018 | 156.042,21 | |
| IG246.2017.1.18 | GATO SALVAJE, S.L. | 27/06/2018 | 200.000,00 | |
| IG244.2017.1.11 | GREENALIA LOGISTICS S.L.U. | 27/06/2018 | 1.000.000,00 | |
| IG244.2017.1.12 | JIM SPORTS TECHNOLOGY, S.L. | 02/08/2018 | 153.517,85 | |
| IG246.2017.1.21 | ENXENDRA TECHNOLOGIES, S.L | 02/08/2018 | 200.000,00 | |
| IG142.2015.1.96 | MARISCOS ALUMAR, S.L. | 02/08/2018 | | (*) |
| IG246.2017.1.10 | LINCBIOTECH, S.L. | 29/10/2018 | | (*) |
| IG246.2017.1.19 | TIDYANT CLOUD, S.L. | 29/10/2018 | | (*) |
| IG244.2017.1.14 | INTAF PROMECAN, S.L.U. | 29/10/2018 | 482.300,00 | |
| IG142.2015.1.106 | CONSERVAS CERMAR, S.L. | 29/10/2018 | 500.000,00 | |
| IG142.2015.1.97 | ELECTRONICA NOROESTE S.G., S.L. | 29/10/2018 | | (*) |
| IG246.2017.1.20 | J.B. THOMAS SERVICIOS PUBLICITARIOS, S.L. | 27/11/2018 | | (*) |
| IG244.2017.1.15 | EQUIPOS LAGOS, S.A. | 27/12/2018 | | (*) |
| IG243.2017.1.12 | HESTIA STOVES & BIOETANOL, S.L. | 27/12/2018 | | (*) |

(*) Préstamos concedidos pendentes de formalizar e/ou dispoñer.

CSV: 5HE4H7lBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 13:57:43
Nº Rexistro: 46741
Data envio: 22/02/2019 13:57:43.139

# Á MESA DO PARLAMENTO

Os **Grupos Parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego,** ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación da **comparecencia urxente en Pleno** do conselleiro de Sanidade, para dar conta do novo modelo de Atención Primaria.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Portavoz do G.P. de En Marea

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 22/02/2019 13:41:16**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/02/2019 13:44:49**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 13:57:43
Nº Rexistro: 46741
Data envio: 22/02/2019 13:57:43.139

**Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2019 13:48:35**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
25 FEB. 2019
Núm. 46813

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
25 FEB. 2019
SAÍDA
Num. 36

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do Conselleiro de Sanidade para informar "***do novo modelo de Atención Primaria***".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA-SEÑORÁNS ÁLVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 25/02/2019 09:57:24

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE: UdXtzsRC80
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 13:57:34
Nº Rexistro: 46740
Data envio: 22/02/2019 13:57:34.631

# Á MESA DO PARLAMENTO

Os **Grupos Parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego,** ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación da **comparecencia urxente na Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego** do conselleiro de Sanidade, para dar conta do novo modelo de Atención Primaria.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Portavoz do G.P. de En Marea

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 22/02/2019 13:41:51**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/02/2019 13:44:27**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 13:57:34
Nº Rexistro: 46740
Data envio: 22/02/2019 13:57:34.631

**Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2019 13:48:26**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
25 FEB. 2019
Núm. 46876

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
25 FEB. 2019
SAÍDA
Num. 37

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego- da xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), para informar sobre ***"as actuacións de Acis durante o ano 2018 e o plan de actuación para o ano 2019".***

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

...ANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 25/02/2019 14:45:51

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 12:09:16
Nº Rexistro: 46386
Data envio: 15/02/2019 12:09:16.591

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) vai de 2010 a 2020. Hai uns días (en 2019), a directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático constituía a chamada "Mesa de Residuos", co obxectivo de habilitar unha ferramenta de participación aberta a todos os axentes implicados na xestión da fracción orgánica dos residuos municipais, que representa o 42 % do peso total do lixo doméstico en Galicia. E por iso dixo que son "imprescindibles" (palabras literais) accións para fomentar a recollida separada dos biorresiduos (ou recollida diferenciada da materia orgánica) que, sen o seu axeitado tratamento, dificultan todo o proceso de xestión. O fin último sería, logo, darlle unha nova vida á fracción orgánica obtendo un fertilizante de gran valor, o *compost*. A propia directora xeral falou da Directiva europea de residuos, que establece que os municipios deberán reciclar en 2020, polo menos, o 50 % dos seus residuos. En Galicia, só o 5 % do que chega a Sogama, SA é recuperado ou reutilizado, cifra que nos separa infinitamente dos fins marcados pola UE.

O certo é que o PXRUG tiña por fin dar pulo á reciclaxe para reducir o volume de lixo que remata no vertedoiro de Areosa e o que se destina á incineración. Este plan proxectaba a construción de 7 plantas de compostaxe e envases lixeiros distribuídas polo territorio e que en 2014 pasaron a ser 11. Ningunha se ten construído nin se ten definido sequera a súa radicación e, de momento, a única actuación que xa está en marcha é a ampliación de Sogama, SA en Cerceda para construír unha nova planta destinada á reciclaxe o que, polo visto, permitirá elevar a capacidade de reciclaxe dos residuos da bolsa negra do 5 % ao 15 %.

Pero o problema vai máis alá porque a preservación do medio ambiente e a aposta pola sustentabilidade constitúen unha obriga ética cara aos cidadáns, tanto das xeracións presentes como das futuras, así como un elemento clave da igualdade de oportunidades e de calidade da súa vida. Desgraciadamente, o Goberno galego acórdase no tempo de desconto destes obxectivos, recoñece agora o seu propio suspenso na xestión de residuos e bótalle a culpa aos concellos (os de máis de 5.000 habitantes deberíanse comprometer a implantar unha recollida selectiva de lixo orgánico nos vindeiros meses -sempre antes de finais de 2020- e os de menos antes de finais de 2023).

CSV: 5HE4H7lBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 12:09:16
Nº Rexistro: 46386
Data envio: 15/02/2019 12:09:16.591

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cumpre o Goberno galego o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) 2010 a 2020?

2ª) Pensa o Goberno galego que a responsabilidade dos malos datos na xestión de residuos urbanos é dos concellos?

3ª) Pensa o Goberno que a constitución dunha "Mesa de Residuos" é a solución?

4ª) Cando van estar en funcionamento as 11 plantas de compostaxe e envases lixeiros distribuídas polo territorio, que recolle o PXRUG 2010-2020?

5ª) Vai elaborar o Goberno galego un novo Plan de Xestión de Residuos Urbanos, se for o caso, cando?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 15/02/2019 11:57:38**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/02/2019 11:57:46**

**María Luisa Pierres López na data 15/02/2019 11:57:55**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 17:23:25
Nº Rexistro: 46471
Data envío: 18/02/2019 17:23:25.351

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No Diario Oficial de Galicia do 11 de febreiro de 2019, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicou a Resolución do 18 de xaneiro de 2019, da Secretaría xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2018.

No artigo 1 dispón a publicidade da relación dos convenios subscritos nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro e no artigo 2 dispón a publicidade da relación dos subscritos nos meses de xaneiro, marzo, abril, maio, xullo e agosto de 2018, especificados nos Anexos I e II da resolución.

Analizados os anexos I e II, excluíndo as axudas destinadas á recuperación dos danos provocados pola vaga de lumes de outubro de 2017, as destinadas á contratación de auxiliares de policía local e as dúas destinadas aos concellos das Neves e Xunqueira de Espadañedo para reparación dos danos causados polos anegamentos, temos que se dedican case 2 millóns de euros para convenios con 58 concellos galegos sen ningún criterio preestablecido para a súa concesión.

O 80 % dos concellos beneficiados por estes convenios están gobernados polo PP (46 ) e o importe que reciben supoñen o 82 % do total (1.581.000€).

Por iso as deputadas e os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o reparto destes recursos, de case 2 millóns de euros, a través de convenios de colaboración con algúns concellos galegos?

2ª) Cales foron os criterios para achegar estas axudas económicas a estes concellos?

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 17:23:25
Nº Rexistro: 46471
Data envío: 18/02/2019 17:23:25.351

3ª) Cal é a razón pola que nos meses de febreiro e xuño non se contemplen en ningún dos anexos?

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/02/2019 17:21:03**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 18/02/2019 17:21:10**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/02/2019 17:21:18**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/02/2019 17:21:27**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46497
Data envío: 19/02/2019 14:13:02.847

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Paula Quinteiro Araújo,** deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN,** sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia de dinamización demográfica

Un dos problemas máis relevantes que afronta a sociedade galega é a quebra demográfica que deixa datos alarmantes sobre o futuro poboacional. Que o noso é un país minguante é unha realidade que a día de hoxe os poderes públicos non atenden. Os datos son alarmantes, agravándose ano a ano. Así, no primeiro semestre de 2018 Galicia rexistrou o peor saldo vexetativo do país con 9.135 falecementos máis que nacementos. Deste xeito as mortes fixeron máis que duplicar os nacementos, os máis reducidos dende que se ten rexistro. A isto temos que sumar as saídas migratorias, as miles de mozas e mozos que marcharon do país dende o inicio da crise económica que deixan un país cada vez máis pequeno.

Ante esta situación a Xunta de Galicia puxo sobre a mesa a necesidade dunha Lei de impulso demográfico que, segundo vimos de coñecer incluirá medidas “para atraer mulleres inmigrantes en idade fértil”. Unha medida que entendemos esencialmente machista e racista. Machista en canto reduce o papel das mulleres a nais reprodutoras e racista ao considerar que teñen que ser as mulleres que veñen as que terán máis fillos. Velaí a concepción do Partido Popular sobre a achega da inmigración aos nosos países, fillos. Unha idea, insisto, non soamente machista e racista senón esencialmente equivocada. Basta coñecer estudos realizados ao respecto para comprobar como as taxas de natalidade das mulleres, migrantes e non migrantes, dependen, esencialmente, das condicións de vida nos

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46497
Data envio: 19/02/2019 14:13:02.847



países receptores. É dicir, que o gran freo á natalidade non son cuestións culturais, como parece desprenderse desta proposta, senón das condicións materiais nas que as mulleres e homes desenvolven as súas vidas. Neste senso, tratar de fomentar a natalidade debe partir, en primeiro lugar, por loitar contra a inseguridade sociolaboral, a precariedade e a desigualdade entre homes e mulleres. Estas medidas non só promoverían que as galegas tiveran as fillas e fillos que desexen ter, senón que permitiría que a nosa fora unha terra atractiva para as persoas migrantes.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

1.) Que medidas vai propoñer o Goberno galego para a atracción de persoas migrantes?

2.) Considera o Goberno galego que falar de atraer a mulleres en idade reprodutiva é unha medida que fomente a igualdade?

3.) Que novas medidas se van propoñer para favorecer o retorno das que marcharon?

4.) Cantas persoas solicitaron as axudas ao retorno dende a súa creación ata a actualidade en cada ano?.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Paula Quinteiro Araújo

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Deputadas do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 19/02/2019 14:10:05**

**Paula Quinteiro Araújo na data 19/02/2019 14:10:14**

CSV: 5HE4H7lBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:56:02
Nº Rexistro: 46513
Data envío: 19/02/2019 16:56:02.302

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O 20 de xaneiro de 2019 a Xunta de Galicia anunciou a solicitude á Administración do Estado para poder facer unha emisión de 400 millóns de euros en bonos a longo prazo, o que suporía a volta da Comunidade aos mercados de débeda, aducindo varias razóns:

1. A mellora das condicións que ofrecen os mercados, cunha redución significativa dos diferenciais que a Xunta quere aproveitar para afondar na reestruturación da débeda.

2. A modificación das condicións que ofrece o Fondo de Facilidade Financeira respecto das condicións de 2015.

3. O actual contexto do mercado, con abundante liquidez.

4. A conveniencia de estar en mellores condicións para afrontar a supresión dos mecanismos de facilidade para o financiamento.

No Consello de Ministros do 8 de febreiro de 2019 autorizouse á Xunta de Galicia para a dita emisión, segundo o acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos (CDGAE), que establece un procedemento para combinar o financiamento con cargo ao Fondo de Financiamento á Comunidades Autónomas coa captación de recursos a través do mercado de capitais e de préstamos bancarios.

Na referencia do Consello de Ministros publicada o 8 de febreiro, informase de que "e*sta operación é coherente coa actualización do Plan Plurianual de Endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia, remitida pola comunidade o 7 de xaneiro de 2019".*

Por iso a deputada e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:56:02
Nº Rexistro: 46513
Data envío: 19/02/2019 16:56:02.302

1ª) Pode o Goberno galego explicarnos aquí cal é o contido do Plan plurianual de endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia, que foi remitido á Administración do Estado o 7 de xaneiro de 2019?

2ª) Cando e por que órgano foi aprobado o dito plan?

3ª) Foi obxecto de tratamento no consello da Xunta de Galicia?

4ª) Por que non se deu información ao respecto nin tivo ningún tipo de reflexo oficial?

5ª) Cales son as razóns polas que o Goberno galego non ten facilitado á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento galego a información referida ás operacións de endebedamento por un prazo superior a un ano, formalizadas pola Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas ou as restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, conforme as autorizacións contidas nesta lei, tal e como se establece nas sucesivas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/02/2019 16:43:57**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/02/2019 16:44:08**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46523
Data envio: 19/02/2019 18:58:51.786

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A peste porcina africana avanza cara o sur de Europa, nun proceso no que moitos apuntan que é imparable, e antes ou despois pode chegar. De ser así, as consecuencias económicas serían tremendamente desastrosas para os miles de granxas de porcino e a economía rural.

Hai todo un sector en grave risco de someterse a duras restricións e peches por corentenas, así coma a eliminación de milleiros de porcos.

Ante o panorama que asoma, as medidas que se están adoptando en diferentes países de Europa comezan a ser dun forte control e intervención zoosanitaria.

Mentres tanto aquí, asistimos a unha caótica xestión da poboación xabaril, pretendendo solucionar o problema unicamente a tiros, e levan así uns cantos anos, onde cada vez hai máis batidas, máis animais sacrificados, pero tamén, máis xabarís. Semella que non teñen nin idea do que hai que facer. E tamén semella que, non sabemos porqué, son reticentes a actuar con criterios de planificación e xestión, e aplicar criterios científico-técnicos no diagnóstico e control da poboación.

Mentres tanto as consecuencias desta caótica xestión teñen un efecto moi negativo, non só para a agricultura e para a seguridade nas estradas, senón tamén para o



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46523
Data envio: 19/02/2019 18:58:51.786

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medio ambiente. Un territorio non pode soportar unha presión cinexética intensiva durante 12 meses ao ano, algo que agora sucede coas case 20.000 batidas anuais que autorizan.

Teñen comités de expertos e reunións, das que nada transcende e semella que o único que se conclúe é cazar máis, e actuacións moi para a galería, que funcionan moi ben nos medios, dando a apariencia que se está a facer todo o posible, pero que son unicamente parches improvisados, ao estilo de arqueiros ou carísimas bolsiñas de laboratorio de ouriños de lobo, pero todo iso, sen ningún criterio de modelado da poboación.

Mentres o máis sinxelo e efectivo, elaborar un plan de xestión, con diagnóstico, programación de medidas, prazos a medio e longo tempo, seguimento, valoracións, bioseguridade, dotación orzamentaria etc, a iso non lle dan valor.

Faise necesario elaborar de inmediato un plan de xestión. Non pode ser un imposible. Agora, ante a ameaza dun novo e moito maior problema, a chegada da peste porcina, non se pode continuar improvisando con medidas que non solucionan o problema.

Sobre a peste porcina africana, hai un grupo permanente de expertos en Europa, proxecto liderado por un equipo do CSIC, que vén de aprobar un manual de actuación en setembro de 2018, con intención orientadora de como facer fronte á expansión da enfermidade, centrándose en aplicar criterios de **xestión e bioseguridade** sobre as poboacións de xabaril no medio natural. Este grupo do que participan expertos de diferentes administracións europeas informa de que:

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46523
Data envío: 19/02/2019 18:58:51.786

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Asistimos a unha imparable expansión da peste porcina africana (PPA), considerada unha epidemia a grande escala, e que a Europa chegou polo leste e polo norte no ano 2007.

- A enfermidade logo pasou dos cochos domésticos ás poboacións salvaxes de xabarís, e estas comezaron a expandila cara o sur de Europa.

- No 2014 -2015 as autoridades xa evidenciaron a circulación do virus nos ecosistemas naturais converténdose nun ciclo epidemiolóxico autosostido.

- Nestes momentos a UE xa advirte que a enfermidade é endémica nas poboacións de xabaril de varios países de Europa do Leste e Centro e continúa expandíndose cara a Península Ibérica (hoxe, xa nas portas de Francia na fronteira belga), sendo un motivo de extrema preocupación.

- As autoridades veterinarias indican que controlar esta epidemia selvática de peste porcina está resultando unha tarefa moi difícil, dada a súa complexidade epidemiolóxica, a falta de experiencia e o alcance xeográfico do problema.

- Resulta preciso abordar a expansión da epidemia dun modo colaborativo e harmonizado entre as distintas rexións de Europa seguindo criterios científico-técnicos.

- As recomendacións pasan por actuar urxentemente adoitando medidas sobre manexo da caza do xabaril, introducir criterios de bisoseguridade e xestión, e correcta manipulación na eliminación e movemento das canais de xabaril.

- En primeiro lugar debe abordarse a xestión práctica das poboacións de xabaril incorporando criterios de BIOSEGURIDADE a fin de reducir os riscos e previr as consecuencias da chegada da enfermidade.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46523
Data envio: 19/02/2019 18:58:51.786

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Precisase non perder tempo, e aprobar xa un plan de xestión e de bioseguridade do xabaril, que permita ter diagnósticos anticipados do estado da poboación, tanto a efectos de control de tamaño e efectivos, como detención precoz de carga vírica da peste porcina, e posible identificación de áreas infectadas. Tamén contar coa previsión de elaborar un protocolo de actuacións e coordinación con diferentes axentes implicados (tecores, veterinarios, granxas, autoridades medioambientais), e campaña informativas e sensibilización sobre como actuar fronte a presenza de canais sospeitosas, así como o que facer cos xabarís cazados durante as sesións de controis de poboación.

- En zonas de risco, advírtese que os controis cinexéticos de poboación, so poderán efectuarse cando exista un protocolo estrito de intervención en canto a adoptar medidas de bioseguridade, cos que garantir a eliminación segura dos cadáveres de xabaril.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-De que forma e maneira ten pensado modifica-las políticas de xestión do xabaril e en que medida ten pensado introducir criterios de bioseguridade nas mesmas?

-Ten pensado elaborar un Plan de Xestión do Xabaril ? Sábese xa algo daqueles proxectos dos anos 2014 e 2016?

-Existe algún protocolo de actuacións e coordinación cos diferentes axentes implicados ( autoridades ambientais, tecores, veterinarios, granxas)?

-Ten pensado deseñar campañas informativas e de sensibilización sobre como actuar fronte a presenza de canais sospeitosas, así como o que facer cos xabarís cazados durante as sesións de controis de poboación?



CSV: 5HE4H7lBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46523
Data envio: 19/02/2019 18:58:51.786

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/02/2019 18:58:13**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/02/2019 18:58:19**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/02/2019 18:58:20**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/02/2019 18:58:22**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/02/2019 18:58:23**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/02/2019 18:58:25**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 09:57:06
Nº Rexistro: 46528
Data envío: 20/02/2019 09:57:06.894

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Cada vez que unha xeada tardía, un trebón con pedrazo, un ataque de mildeu desmesurado... unha pasaxe onde as perdas agrarias raian na catástrofe xorde o debate sobre axudas directas ou axudas ós seguros agrarios.

Chegados a este punto o posicionamento da Xunta de Galicia do PP é tan incomprensible que chegamos a preguntarnos se non haberá algún xeito de negocio polo medio.

Dise que o sistema de seguros agrarios no estado español nace na chamada Transición a raíz dos Pactos da Moncloa e que foi unha ensalada aliñada pola Dirección General de Seguros e Facenda que montaron todo sen contaren cos clientes, labregos/as e gandeiras/os.

Desta maneira os agricultores e as agricultoras cobren entre o 55% e o 35% da prima do seguro e o resto está subsidiado polo Estado e os gobernos autónomos.

Trátase pois dun pool que copa todo o mercado, situación esta que agacha un monopolio real ó ser Agroseguro a única opción de asegurar aspectos agrarios na actualidade.



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 09:57:06
Nº Rexistro: 46528
Data envío: 20/02/2019 09:57:06.894

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tal vez sexa esta condición de única opción quen leve a Agroseguro a non flexibiliza-las características das pólizas para adaptalas ás diferentes realidades agrarias e gandeiras do estado. E así os labregos e gandeiras galegos, unha vez máis, séntense discriminadas debido ós anacronismos e irregularidades que provocan que os seguros agrarios en Galicia teñan unha porcentaxe de pólizas tan exiguo.

Para que un invernadoiro asegurado poida optar ó resarcimento de perdas ocasionadas polo vento, este non pode supera-los 70km/hora porque para Agroseguro máis desta velocidade é temporal e xa non paga, co cal o agricultor se non se declara zona catastrófica queda sen cobertura. Claro que en Galicia episodios con ventos de máis de 70km/hora son frecuentes ó longo do ano.

Se asegura o cultivo de pataca so se contempla unha colleita cando é frecuente que en zonas de Galicia se dean dúas. Tamén no caso dos invernadoiros é Agroseguro quen marca as características dos mesmos pasando de seren instalacións (facilmente desmontables) a construcións con zapatas de cemento riostradas nas cabezas que precisan de proxecto, colexio de arquitectos etc. En Galicia os invernadoiros móntanos os agricultores e non unha empresa especializada e o seguro así non dá cobertura.

Pero o colmo da arbitrariedade está en que un agricultor que subscriba unha póliza sobre fincas e que sexa directivo ou membro dun Tecor queda excluído do agroseguro.

Son tales as arbitrariedades para coa realidade de Galicia froito do descoñecemento das singularidades dos nosos sectores agrícolas e gandeiros que a subscrición de pólizas é mínima a pesar dos intentos da administración por aumentar esta porcentaxe.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 09:57:06
Nº Rexistro: 46528
Data envio: 20/02/2019 09:57:06.894

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

-Sabe o goberno galego das arbitrariedades que supoñen para os sectores agrogandeiros de Galicia as condicións que son normais noutras realidades agrarias das pólizas de Agroseguro?

-Vistas estas ten o goberno galego disposición de presionar sobre os agroseguros para que adapten as súas pólizas á realidade galega?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2019 09:55:51**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2019 09:55:56**



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 09:57:06
Nº Rexistro: 46528
Data envio: 20/02/2019 09:57:06.894

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2019 09:55:58**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2019 09:55:59**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2019 09:56:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2019 09:56:02**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 13:50:53
Nº Rexistro: 46615
Data envio: 21/02/2019 13:50:53.532

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

# Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a obriga de cursar a materia de relixión no bacharelato e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

En Galiza hai estudantes de Bacharelato que, non tendo vontade de cursar estudos de relixión, vense obrigados a facelo polo cómputo horario e a oferta de materias específicas vixente na actualidade que inclúe, coa aprobación da LOMCE e o Decreto 86/2015, relixión católica como tal.

A combinación horaria e a oferta académica –nomeadamente o mantemento da relixión como materia específica cunha hora lectiva-- está a obrigar, de facto, o estudantado –especialmente do bacharelato científico-tecnolóxico-- a cursar estudos de relixión.

Acontece así coa escolla de materias como robótica ou antropoloxía (2h), nos centros en que estas se inclúen na oferta, mais tamén e de maneira máis gravosa, acontecerá a partir do vindeiro curso 2019/2020 co estudantado que opte pola materia de libre configuración autonómica ‘Coeducación’ (2h), unha materia incluída no currículo de Bacharelato pola Xunta de Galiza co obxectivo

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de formar en igualdade, feminismo e prevención da violencia machista, unha contradición en termos co estudo e ensino de relixión.

Para o Bloque Nacionalista Galego, a relixión debe ficar no ámbito exclusivamente privado e, polo tanto, fóra do ensino público, sexa cal for a crenza e confesión que se profese. Máis aínda, se temos en conta que o Estado español se define como aconfesional, embora non laico.

Neste senso, ningunha persoa se pode ver obrigada, de facto, a cursar esta materia como tampouco debería incluírse na oferta educativa de ningún centro de ensino público do noso país, o que exixe –como vén reclamando o BNG-- a derrogación da LOMCE.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- É coñecedora a Xunta de Galiza do feito de estaren sendo, de facto, obrigadas/os estudantes de Bacharelato a cursar a materia de relixión?

- Que opinión lle merece esta situación ao Goberno galego?

- Pensa adoptar a Xunta de Galiza algunha medida para impedir que esta situación se manteña?

- De ser así, cales? En caso contrario, por que non?



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 13:50:53
Nº Rexistro: 46615
Data envio: 21/02/2019 13:50:53.532

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai defender a Xunta de Galiza que a relixión desapareza do currículo escolar co obxectivo de garantir a separación efectiva destas crenza do ámbito público?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 13:49:07**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 13:49:14**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 13:49:15**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 13:49:17**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 13:49:18**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 13:49:20**

CSV: 5HE4H7lBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:24:57
Nº Rexistro: 46644
Data envío: 21/02/2019 17:24:57.780

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A intervención de 87 peles de raposo nun control da Garda Civil o pasado 19 de febreiro en Ferrol -da que non transcendeu a súa procedencia e destino- é cando menos un suceso estraño que cando menos debe ser motivo de investigación e esclarecemento por parte das autoridades de medio ambiente da Xunta de Galiza.

Cabe sinalar que a cantidade intervida é un número relativamente importante de peles como para conseguilas dunha maneira lícita e en cumprimento da normativa ambiental e cinexética vixente. Ou ben existe un tráfico ilegal procedente de capturas furtivas, ou ben un mercadeo sen papeis e clandestino con animais cazados de maneira legal.

Polo número de peles intervidas, na Galiza só existen moi poucos actores capaces de dispoñer dese material, nesas cantidades e dun modo relativamente doado: os que gardarían relación cos campionatos de caza do raposo celebrados nos últimos dous meses, dos que as capturas se recollen de xeito centralizado pola organización para o seu suposto posterior estudo.



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:24:57
Nº Rexistro: 46644
Data envío: 21/02/2019 17:24:57.780

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación

1, Como valora a consellaría de Medio Ambiente a intercepción dunha partida de peles de raposo que eran obxecto de transporte ilegal?

2. Abriu unha investigación ao respecto, á marxe da realizada polo SEPRONA?

3. Realiza algún control a Xunta de Galiza sobre a recollida centralizada de raposos abatidos nos campionatos de caza e do seu estudo, conservación ou destrución?

4. Considera o goberno galego que pode haber relación entre as peles interceptadas e os campionatos?

5. Ten coñecemento a Xunta de Galiza doutros casos semellantes?

6. Ten previsto adoptar algunha medida para evitar o tráfico ilegal de peles de raposo?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 17:23:07**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 17:23:12**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 17:23:13**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 17:23:14**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 17:23:16**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 17:23:17**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:38:49
Nº Rexistro: 46653
Data envio: 21/02/2019 17:38:49.936

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á adopción de medidas para acadar a autosuficiencia de Galiza en materia de produción e subministro de semente de moluscos bivalvos para o impulso de actividade marisqueira.

Galiza é unha potencia na produción de marisco, atendendo ao volume de capturas, a súa extraordinaria calidade e, fundamentalmente á importancia económica, social e de emprego que esta actividade representa na nosa nación. Precisamente por estas razóns resulta difícil entender a absurda situación de dependencia do subministro de semente de moluscos bivalvos en grande parte dos bancos marisqueiros galegos.

O BNG considera prioritario rematar coa dependencia que mantén Galiza a respecto da semente producida fora que, á marxe das distorsións do mercado ou do problema que representa a introdución de especies alóctonas, certifica a existencia dun outro problema, neste caso estrutural, que impide o desenvolvemento pleno do sector marisqueiro galego.

A recuperación do noso marisco, como inequivocamente galego, recoñecendo e garantindo a súa orixe, a marca de calidade e prestixio que a procedencia galega outorga, debe ser obxectivo da Consellaría do Mar.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:38:49
Nº Rexistro: 46653
Data envio: 21/02/2019 17:38:49.936

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas formúlase a seguinte interpelación:

-Que cantidade anual de semente se importa, como media, con destino aos bancos marisqueiros galegos?

-A que especies corresponden e cal é o país de procedencia?

-Existe demanda desde o sector marisqueiro para a produción de semente?

-Ten previsto a Consellaría do Mar instalar criadeiros de semente de moluscos bivalvos no litoral galego?

-Cantos criadeiros existen no litoral galego?

-Onde están situados?

-Cantos funcionan?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:38:49
Nº Rexistro: 46653
Data envio: 21/02/2019 17:38:49.936

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 17:35:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 17:36:02**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 17:36:04**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 17:36:05**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 17:36:07**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 17:36:08**

CSV: 5HE4H7lBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:25:55
Nº Rexistro: 46675
Data envío: 21/02/2019 18:25:55.202

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 147do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

A intervención terapéutica en menores é unha medida recollida na Lei Orgánica de Responsabilidade Penal das Persoas Menores.

Dita medida recóllese no Preámbulo da mesma naqueles casos nos que as menores por razóns aditivas (alcol, drogas) ou disfuncións significativas na psique, precisan dun contexto estruturado no que realizar unha programación terapéutica. Nin se dan as condicións idóneas na persoa menor nin no entorno para o tratamento ambulatorio e tampouco se dan aquelas condutas de risco que esixe  a aplicación do internamento en réxime pechado.

No artigo 7.1.d, dentro das medidas que se poden impor ás persoas menores e a súa determinación recóllese a intervención terapéutica en réxime pechado, semiaberto ou aberto. Nos centros realizarase unha atención educativa especializada ou tratamento específico dirixido a persoas que padezan anomalías ou alteracións psíquicas, estados de dependencia de bebidas con alcol, drogas, alteracións na percepción con resultado de alteración grave da conciencia da realidade.

É unha medida que pode aplicarse soa ou como complemento doutra medida. Se a persoa menor rexeita o tratamento de desintoxicación darase conta ao xulgado para que se aplique outra medida axeitada ás súas circunstancias.

A competencia administrativa para executar a medida adoptada polo xulgado nun procedemento de responsabilidade penal da LORPPM, na sentencia firme ou de xeito provisional é competencia das CCAA, a través das propias entidades públicas ou mediante a celebración de acordos de colaboración con entidades

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

públicas ou privadas estatais, locais ou doutras CCAA ou ben privadas sen ánimo de lucro, baixo supervisión directa.

Neste contexto, desenvólvese a execución da responsabilidade penal dos menores en Galicia baixo a modalidade de intervención terapéutica.

Na provincia de Ourense, a xestión do servizo de intervención terapéutica con menores realízase no centro de Monteledo, que conta con 37 prazas de internamento, dos que 12 corresponden a unidade de atención específica para o cumprimento das medidas de internamento terapéutico en réxime aberto, semiaberto e pechado, e que en ausencias destas medidas destínase a cumprimento de medidas de internamento aberto, semiaberto ou pechado; e o de centro Montefiz, con 23 prazas de internamento terapéutico, e o centro Montealegre, que funciona desde xullo do ano 2018 aproximadamente. Todos eles conforman e forman parte do mesmo complexo: O COMPLEXO MONTEALEGRE.

Con data de 28 de decembro de 2018 convocouse o procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a atención residencial e intervención educativa integral e terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais saíu a concurso, presentando numerosas eivas.

A Circular 3/2013, da Fiscalía Xeral do Estado, sobre criterios de aplicación das medidas de internamento terapéutico no sistema de xustiza xuvenil establece que "para que poida cumprirse unha medida de internamento terapéutico nun centro de internamento ordinario, este contará polo menos cunha Unidade Terapéutica Autónoma."

No centro Monteledo internáronse desde o ano 2015 menores en réxime terapéutico mesturados con menores de réxime aberto, semiaberto e pechado, ante a falla de prazas suficientes no centro de atención específica Montefiz. Mestura en todas as actividades e espazos. Só dende mediados de 2018, ante as

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

queixas do comité de empresa do centro, pasaron a pernoctar nun fogar concreto, manténdose a mestura durante todo o horario diúrno do centro.

Así entre outras as principais preocupacións do persoal educador son:

- A falta de realización das actividades fóra do centro dos menores que están en réxime aberto e semiaberto.

- A non cobertura das vacacións do cadro de persoal para atender as necesidades reais dos menores, e os seus itinerarios específicos.
- A dificultade de atender coa calidade debida a grupos de menores con especificidades tan dispares, medidas de terapéutico con menores de aberto, semiaberto e réximes pechados.
- Vulneracións da lei, a través dos traslados de menores en vehículos co anagrama da fundación co que se vulnera o dereito á intimidade da persoa menor e o dereito a non ser identificado como persoa suxeita a medidas previstas na LORPM.

O deber de confidencialidade é uns dos principios que impregna toda a LORPPM posto que se esixe no artigo 35 a non publicidade da audiencia e o deber de confidencialidade é esixible a todas as persoas e funcionariado que participen do coñecemento do expediente de reforma.

Segundo normativa anterior, as baixas do persoal laboral de máis de 10 días de duración, así como nos períodos regulamentarios vacacionais tiñan que ser substituídos por persoal contratado para estes efectos, garantindo en todo momento a axeitada cobertura do servizo.

Ante a presión dos delegados sindicais que esixiron a cobertura das vacacións, estas cubríronse. "A cobertura, en todo momento, dos postos de traballo e das correspondentes funcións. En consecuencia, a entidade efectuará ao seu cargo e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teña asignado á actividade sexa cal for a súa causa, de forma que a execución das medidas

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xudiciais quede sempre asegurada. As variacións que se produzan no cadro de persoal serán inmediatamente comunicadas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para a súa autorización, acompañando a documentación acreditativa da titulación e do currículo profesional."

Sen embargo, a Fundación Diagrama non contratou a ninguén para cubrir as vacacións. Consultada a administración autonómica sobre estes extremos contestou afirmativamente á obriga de cubrir as vacacións. Inda que estas vacacións seguiron sen realizarse durante as vacacións do ano pasado.

Así non se produce a intervención educativa integral, residencial e terapéutica cos menores, ao non substituír as educadoras nos seus períodos vacacionais e a metodoloxía de individualización dos menores fai que se incumpran os rateos establecidos legalmente cunha ocupación total das prazas, e que ademais se teñen que encargar de servicios que non se corresponden coas súas funcións de educadores, e do resto do equipo clínico que atende as persoas menores que aseguren unha intervención intensiva, individual, e de calidade. Compre garantir que se substitúa o persoal educativo, o persoal técnico -traballadoras sociais e psicólogas- e o persoal de servicios, nomeadamente nos períodos de incapacidade temporal así como nos períodos vacacionais.

Porén estes aumentos de persoal, serán correlativos coa función que realizan os mesmos e baixo unhas condicións laborais que non supoñan a mingua dos seus dereitos laborais en atención a función educativa integral, resocializadora e de execución das medidas impostas en sentencia xudicial sobre todo en garantía do principio de interese superior do menor.

Desde logo, o internamento no centro de Monteledo de toda a poboación de persoas menores que o centro de intervención específica de Montefiz non podía absorber, non pode nin debe implicar unha mingua nos seus dereitos. Non é de recibo que unha persoa menor á que se le impón o cumprimento dunha medida

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de estrita intervención terapéutica estea na mesma unidade que unha persoa cunha medida de privación de liberdade nun centro pechado. Os obxectivos non son os mesmos nin as dificultades de que xeran a nivel de intervención son numerosas e difíciles de comprender para as persoas usuarias, e tampouco poden contar coas mesmas sancións.

Por outra banda é necesario saber ou dilucidar como se licita un concurso estando un vixente, nesta mesma materia, posto que se convocou mediante resolución de 28 de decembro de 2018 o procedemento para a selección de entidade privada sen ánimo de lucro, a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica con estas persoas menores que teñen que cumprir medidas xudiciais de privación de liberdade.

Asemade, hai que vixiar a calidade das entidades na prestación deste servizo no centro de Monteledo, no que as persoas chegaron a pasar fame. O consumo de pataca por exemplo, pasou de ser 200 quilos á semana a 25 quilos á semana o cal deu lugar a un expediente da fiscalía, e o consecuente restablecemento da cantidade de comida que se suprimira. Houbo queixas polo tratamento aos menores pola comida, que non chegaron á fiscalía, tanto pola calidade, como pola cantidade, posto que os menús tamén teñen que ir acompasados ao lugar onde se vive, sendo inaxeitado que se dea un menú de pasta fresca o dia de nadal a 3º centígrados, e onde se substitúe o aceite de oliva por maionesa, nun exceso de racionalización dos recursos públicos e optimización dos mesmos, a costa da saúde dos menores, ademais de que calquera cambio desta entidade no menú se ten que comunicar a Xunta e á Consellería competente.

O número de baixas neste centro aumentou ostensiblemente, por mor da carga de traballo que soportan o persoal traballador. Así nin tan sequera cumpren a ratio de servicios mínimos que se establece para folgas, que sinala que ten que haber 8 traballadores, cando en realidade son 7 os que se reparten o traballo. Hai 4 educadores para 16 persoas.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A estratexia das entidades é clara: aburrir ao persoal, para que marche e contratar a outras persoas.

Por todo o exposto a deputada e o deputado que subscriben formulan a seguinte Interpelación á Xunta de Galicia:

- Pensa a Xunta que é de recibo que menores cumpran medidas xudiciais tendo fame? É coñecedora a Xunta de Galicia da redución da cantidade de alimentos que recibiron as persoas menores do centro Monteledo durante unha tempada? A que se debeu? Por que a entidade xestora non cumpre coas súas obrigas despois dos cartos que cobra por esta labor? É coñecedora a Xunta que se substituíu o uso de aceite de oliva por maionesa? Quen autorizou ese cambio? Que profesional deu o visto bo a que se realizase?

- Considera a Xunta normal pagar 37 prazas, estean ou non ocupadas, e que Fundación Diagrama non teña educadores para cubrir os servizos mínimos establecidos pola propia administración galega para os casos de folgas xerais, a través do DOG?

- Ten noticia a Xunta de que as persoas menores con medidas de intervención terapéutica cumpren estas no réxime pechado xa que onde deberían cumprilas está cheo?

- Parécelle axeitado a Xunta que non haxa persoal de substitucións nestes centros? Considera a Xunta normal que 4 educadores se fagan cargo de 16 persoas? Pensa a Xunta que se pode realizar así unha intervención terapéutica e educación integral de calidade das persoas menores?

- Considera a Xunta, no ámbito das súas competencias, que é axeitado mesturar menores cunha medida de réxime aberto con menores de semiaberto, menores de terapéutico e de réxime pechado baixo un mesmo réxime disciplinario? Cumpre a Xunta a lei cando esta determina os diferentes tipos de centros se despois se

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mesturan no mesmos espazos e actividades menores con especificidades tan distintas?

- Ten previsto a Xunta xestionar de xeito público os centros de menores da Comunidade Autónoma?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 21/02/2019 18:21:39**

**Luis Villares Naveira na data 21/02/2019 18:21:47**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:29:37
Nº Rexistro: 46679
Data envio: 21/02/2019 18:29:37.400

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á situación no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector.

Traballadores e traballadoras das ambulancias levan meses demandando un convenio digno no sector. Están en folga que terá carácter indefinido a partir de marzo se non se acada un acordo.

Chegan a esta situación tras a patronal rachar definitivamente a mesa de negociacións ao propor unha redución dun 10% do convenio, coa posibilidade mesmo de impagos a partir do mes de marzo.

Esa rebaixa, concrétase nunha redución do 6-7% dos salarios xunto coa retirada dos complementos por IT; a redución dos días de asuntos propios; a creación de tres escalas salariais, á baixa; e mesmo recortar en lavado de roupa e uniformes, que completaría o 10%.

Fronte ás pretensións patronais, a representación social reclama que o novo convenio contemple melloras laborais e incrementos salariais que permitan recuperar o poder adquisitivo perdido dende 2015, a redución do número de horas, que se ampliaron nestes últimos anos ao medrar nun 20% o número de servizos realizados sen incrementar o persoal; e melloras en materia de prevención de riscos e saúde laboral.

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres a media de baixas en Galiza é dun 5%, neste sector, malia a media de idade estar nos 40 anos, a media de baixas, na inmensa maioría por problemas músculo-esqueléticos, sitúase no 13%.

Limitar o abuso da contratación en prácticas, posto que as empresas están completando os seus cadros de persoal mediante esta fórmula, por ser máis barata, xa que durante o primeiro ano as/os traballadores/as cobran o 60% do salario base e no segundo o 70%.

O convenio do transporte sanitario de Galiza vénse negociando dende hai tres anos pero a patronal non avanzou ningunha proposta asumíbel, limitándose a formular recortes e ameazar con descolgues.

Diante deste bloqueo continuado faise precisa a intervención da Xunta no conflito, xa que é a principal causante da precarización das condicións laborais no sector e do desmantelamento do servizo público, por sacar os contratos a concurso por debaixo do seu custo e  aceptar as propostas con baixa temeraria presentadas polas empresas para competir entre elas, sabendo que isto provocaría rebaixas nos salarios das traballadoras e traballadores.

A Consellaría de Sanidade, o Sergas, o 061, nin sequera están obrigando as empresas a cumprir co recollido nos contratos, de maneira que o servizo se presta con menos persoal e vehículos dos establecidos nos pregos e, en moitos casos, as ambulancias atópanse en condicións nefastas, non teñen a dotación necesaria e as empresas tampouco fan a hixienización dos vehículos e dos uniformes obrigados por lei.

A Xunta é coñecedora destes incumprimentos dende hai anos, mais inhíbese das súas responsabilidades tanto cos traballadores/as como coa cidadanía.



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:29:37
Nº Rexistro: 46679
Data envío: 21/02/2019 18:29:37.400

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao igual que no resto da sanidade se neste momento o transporte sanitario continúa en funcionamento e os usuarios e usuarias non perciben con maior intensidade este deterioro non é pola estrutura deseñada pola Xunta de Galiza, senón pola profesionalidade dos traballadores e das traballadoras.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

-Vai levar a cabo unha función de mediación entre as empresas adxudicatarias do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as para asinar un convenio paralizado hai máis de tres anos, que garanta os dereitos laborais d@s traballadores/as que prestan servizo para as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre?

-Exerza a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos.

-No novo concurso, para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre, que o 061 está iniciando, vai dimensionar tanto as necesidades de vehículos como de persoal, e polo tanto amplialos con respecto aos actuais, para evitar a situación presente de insuficiencia manifesta de ambos?

-Vai rectificar a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial?

-Dada a mala prestación do servizo que se está a realizar non considera necesario iniciar o proceder ao rescate progresivo da externalización do transporte sanitario terrestre, e pasar a prestar o servizo de xeito directo pola Xunta?



CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:29:37
Nº Rexistro: 46679
Data envio: 21/02/2019 18:29:37.400

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Coida que se está garantido un servizo de calidade e as condicións laborais d@s traballadores/as?

-Coida que se están garantindo os dereitos laborais d@s traballadores/as que prestan servizo para as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre?

-Está a exercer a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 18:28:45**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:29:37
Nº Rexistro: 46679
Data envio: 21/02/2019 18:29:37.400

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 18:28:51**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 18:28:53**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 18:28:54**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 18:28:56**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 18:28:58**

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
5 FEB. 2019
Núm. 46378

# A LA MESA DE LA CÁMARA DEL PARLAMENTO DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela

**Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía,** inscrito en el Registro de Partidos Políticos con fecha 1 de junio de 2006, en el Tomo V, folio 512 del Libro de Inscripciones y con CIF G-64283310, y en su nombre y representación Doña Olga Louzao Aldariz con DNI 33348378B, en calidad de portavoz de Ciudadanos en Galicia, al amparo de lo establecido en el artículo 17, Título V de la *Ley 7/2015, de 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular y participación ciudadana en el Parlamento de Galicia*, presenta la siguiente **Pregunta al Parlamento de Galicia para la que se solicita respuesta por escrito sobre la No retribución del Complemento a funcionarios policiales de la UVEX (Unidad de Vigilancia en Edificios Judiciales de la Xunta de Galicia) desde Febrero de 2018**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La Xunta de Galicia se encarga de la seguridad de los edificios de la Administración de Justicia de Galicia, en virtud de lo establecido en el Real Decreto 2166/1994, del 4 de noviembre, sobre traspaso de funciones de la Administración del Estado a la Comunidad Autónoma en materia de provisión de medios materiales y económicos para el funcionamiento de la Administración de Justicia y que, en virtud de la estructura orgánica de la Xunta de Galicia, le corresponden en la actualidad a la Vicepresidencia y Consellería de la Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia.

Estos servicios de vigilancia y protección serán realizados por personal de la Policía Nacional en activo con un mínimo de 55 años de edad y tengan un mínimo de 25 años efectivos de servicio y de la Guardia Civil en situación de reserva, de acuerdo con lo establecido en los artículos 11.1.c) y

37.3 de la Ley Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, y en el 93 de la Ley 29/2014, de 28 de noviembre, de Régimen del Personal de la Guardia Civil.

Según lo publicado en el BOE-A-2019-926, del 25 de Enero, reflejo del **convenio entre el Ministerio del Interior y la Xunta de Galicia en materia de seguridad en los edificios de la Administración de Justicia en Galicia**, esta actividad se financiará para los años 2018, 2019, 2020 y 2021 por importe de seis millones de euros (6.000.000 €), a razón de 1.500.000 € por año.

Cidadáns Galicia
*Avenida de Ferrol nº5*
*15701 Santiago de Compostela*
*galicia.accion.institucional@ciudadanos-cs.org*

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 FEB. 2019
Núm. 46378

La Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia asumirá el abono de las cantidades por el servicio prestado en régimen de turnos en el Tribunal Superior de Justicia de Galicia o por motivo de guardias en fines de semana en órganos jurisdiccionales. Además, por el presente convenio se comprenderá también el coste que con carácter excepcional se origine en concepto de dietas y desplazamientos u otros gastos que se consideren precisos (uniformes, material...)

La Xunta ingresará el importe correspondiente en el Tesoro Público, en una cuenta restringida en la recaudación de la Agencia Estatal de la Administración Tributaria de liquidaciones practicadas por la Administración y otros ingresos no tributarios, a favor de los Cuerpos de seguridad que se integran en la Dirección General de la Policía y en la Dirección General de la Guardia Civil. Efectuados los ingresos, la Comunidad Autónoma de Galicia trasladará la documentación necesaria a ambos cuerpos para que puedan iniciar los trámites preceptivos para generar el crédito necesario en los conceptos presupuestarios que la Dirección General de la Policía y la Dirección General de la Guardia Civil determinen.

**Sin embargo**, la realidad nos desvela que de las 81 plazas destinadas a la Policía Nacional para prestar servicio de seguridad en los juzgados de Galicia, sólo están cubiertas 33 (el 40%), lo que nos lleva a plantearnos si nuestras dependencias judiciales están realmente seguras. Y, lo que es más preocupante, estos agentes llevan desde el mes de febrero del 2018 sin cobrar el complemento acordado, que asciende a algo más de 400 € mensuales.

Ante estos hechos Ciudadanos Galicia pregunta:

**Cidadáns Galicia**
*Avenida de Ferrol nº5*
*15701 Santiago de Compostela*
*galicia.accion.institucional@ciudadanos-cs.org*

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cidadáns

1. **¿Ha procedido la Xunta de Galicia, al ingreso convenido con el Ministerio del Interior para retribuir los servicios prestados por parte de la Policía Nacional en la seguridad de los edificios de la Administración de Justicia de Galicia?**

2. **¿Considera que el número de agentes destinados a tal servicio es suficiente para garantizar la seguridad en estas dependencias?**

3. **Si el ingreso se ha efectuado, ¿qué medidas tiene previsto adoptar la Xunta de Galicia para garantizar el cumplimiento del convenio y que los agentes de la Policía Nacional que ejercen los servicios de seguridad en los edificios de la Administración de Justicia de Galicia, reciban todo lo adeudado?**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 FEB. 2019
Núm. 46377

En Santiago de Compostela a 14 de Febrero de 2019

Olga Louzao Aldariz

Portavoz de Ciudadanos en Galicia

**Cidadáns Galicia**
*Avenida de Ferrol nº5*
*15701 Santiago de Compostela*
*galicia.accion.institucional@ciudadanos-cs.org*

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: 5HE4H7IBh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/